- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.



- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 05/04/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 11/04/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 11/04/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Soutomaior* CIF P3605300G a cantidade de 206.364,94 €, con destino ao financiamento do investimento “*Pavimentación camiños de Barreiros, O Conde, Piñeiro e Rial (Soutomaior)*” (Expte.2022010723) cun orzamento polo importe de 206.364,94 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	206.364,94	206.364,94	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	206.364,94	206.364,94	0,00	0,00

O orzamento contempla os honorarios de redacción proxecto, dirección e obra e coordinación de seguridade e saúde por importe de 11.374,00 €.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución das obras ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Soutomaior deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Soutomaior*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

13.31608.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE RODEIRO NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN E REFORZO DE FIRMES EN CAMIÑOS E ALDEAS DAS PARROQUIAS DE GUILLAR, RIOBÓ, CAMBA, NEGRELOS E SANTA BALIA DE CAMBA”. (Expte 2022009846)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.0425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.



O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 24/02/2022, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de Rodeiro na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 333.061,61 euros, con destino ao financiamento *“Pavimentación e reforzo de firmes en camiños e aldeas das Parroquias de Guillar, Riobó, Camba, Negrelos e Santa Baia de Camba”*, cun orzamento por importe de 333.061,61 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	333.061,61	333.061,61	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	333.061,61	333.061,61	0,00	0,00



Posteriormente, en data 16/03/2022, o Concello de Rodeiro, achega documentación relativa á aprobación do modificado do proxecto técnico da obra “Pavimentación e reforzo de firmes en camiños e aldeas das parroquias de Guillar, Riobó, Camba, Negrelos e Santa Baia de Camba”, motivado na necesidade de suprimir unha pequena actuación no lugar de Loureiro (Santa Baia de Camba) incluída na concentración parcelaria, cambiándoa por unha ampliación do xa previsto no dito lugar. O modificado non varía nin a denominación, nin os lugares e parroquias afectadas nin o seu orzamento global.

O orzamento contempla os honorarios de redacción do proxecto, dirección de obra e Coordinación de Seguridade e Saúde por importe total de 23.418,40 euros.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en materia de Patrimonio Cultural, da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra, do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas e da Consellería do Medio Rural.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 12/04/2022.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.



- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 12/04/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 12/04/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 13/04/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Rodeiro* CIF P3604700I a cantidade de 333.061,61 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Pavimentación e reforzo de firmes en camiños e aldeas das Parroquias de Guillar, Riobó, Camba, Negrelos e Santa Baia de Camba*” (Expte.2022009846) cun orzamento polo importe de 333.061,61 euros, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	333.061,61	333.061,61	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	333.061,61	333.061,61	0,00	0,00

O orzamento contempla os honorarios de redacción do proxecto, dirección de obra e Coordinación de Seguridade e Saúde por importe total de 23.418,40 €.

- A concesión da presente subvención queda condicionada á resolución favorable da *Consellería de Cultura, Educación e Universidade* en materia de Patrimonio Cultural, da Deputación Provincial de Pontevedra, do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas e da Consellería do Medio Rural; autorizacións que deberán ser achegadas, así como a acta de trazado previo (Anexo III), antes de licitación do investimento ou, en todo caso, xunto coa primeira xustificación.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Rodeiro deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Rodeiro*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

14.31609.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DA EDUCACIÓN, SAÚDE, DEPORTE E PROMOCIÓN ECONÓMICA NA CIDADE DE PONTEVEDRA. (Expte. 2022011284)

Ratifícase a inclusión do presente asunto na orde do día da convocatoria efectuada, á vista do informe xustificativo emitido ao respecto e considerando, especialmente, que neste momento o asunto xa está ditaminado (por unanimidade), votándose á vista do seu resultado.

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- No exercicio das súas atribucións, e ao abeiro da normativa aplicable, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra desexan establecer as pautas de colaboración para o desenvolvemento de diversas actividades no marco da programación económica, educativa e de saúde do Concello, así como a realización de actividades relacionadas coa promoción da cidade de Pontevedra.
- Para dar cumprimento ó obxectivo referido no parágrafo anterior, en data 24/02/2022 o Concello de Pontevedra presenta no Rexistro Xeral unha solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do convenio completando a mesma en data 18/04/2022. Asemade, achégase unha memoria de execución do investimento, cun orzamento total de 222.272,36 €, IVE engadido, que segundo o previsto na proposta de convenio será financiado pola Deputación coa achega de 169.056,10 € no exercicio 2022.
- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio.
- Tendo en conta todo o que antecede, dada conta da proposta de Convenio, e visto o informe da Xefa de Servizo de Cooperación de data 09/03/2022 no relativo ó interese público da actuación e o informe da Intervención Provincial de data 18/04/2022, no que se manifesta a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación 2022/942.9420.462.14 do orzamento provincial.



Fundamentos xurídicos:**Lexislación aplicable:**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)

Consideracións Xurídicas:**Competencia:**

- Artigo 25.2 da LRBRL, en concordancia co artigo 80 da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de actividades e instalacións culturais, a ocupación do tempo libre, e en xeral infraestruturas e equipamentos da súa titularidade
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2022, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio:

- Artigo 47 e seguintes da LRXSP, que dispón que o convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas. No apartado 3º sinalase que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ó conxunto dos servizos municipais.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.



- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Neste senso, a Deputación, para o desenvolvemento das actuacións que se describen no convenio, ten consignado expresamente no estado de gastos do orzamento provincial do exercicio 2022, dotación orzamentaria na aplicación 2022/942.9420.462.14 e designado como beneficiario ó concello.
- Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

Conclusiones:

En base ás precedentes consideracións e ó interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o desenvolvemento de diversas actividades no marco da programación económica, educativa e de saúde do Concello.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O concello de Pontevedra presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a tramitación do *“Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación provincial de Pontevedra para o desenvolvemento de actividades no ámbito da educación, saúde, deporte e promoción económica na cidade de Pontevedra”*.

Réxime competencial:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de Execución do Orzamento provincial, compéttelle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.



Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o “*Convenio de colaboración entre concello de Pontevedra e a Deputación provincial de Pontevedra para o desenvolvemento de actividades no ámbito da educación, saúde, deporte e promoción económica na cidade de Pontevedra*” cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES NO ÁMBITO DA EDUCACIÓN, SAÚDE, DEPORTE E PROMOCIÓN ECONÓMICA NA CIDADE DE PONTEVEDRA

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Doutra, D. Miguel Anxo Fernández Lores, quen actúa no nome e representación do Concello de Pontevedra, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra e D. José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.



II.- *Que os artigos 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 80 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, dispoñen que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades de aspiracións da veciñanza. En concreto, os artigos 25.2.i) e l) LRBRL e 80.2.g e n), atribúen aos concellos o exercicio de competencias en materia de feiras e mercados, e actividades, instalacións e promoción cultural e deportiva, así como de ocupación do tempo lecer e o turismo.*

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal así como a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas.

III.- *Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento aceptado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e demais normativa de aplicación.*

IV.- *Que o Concello de Pontevedra, amosa o seu interese no desenvolvemento de execución de diversos programas relacionados coa ciencia, a educación e a saúde, así como un programa para a promoción do comercio, durante o ano 2022, en colaboración coa Deputación de Pontevedra, cos seguintes fins:*

- *Promover as boas prácticas persoais e familiares no ámbito da saúde e benestar.*
- *Establecer conexións coas organizacións e dependencias no ámbito da saúde da provincia de Pontevedra.*
- *Apoiar a dinamización do noso comercio e a promoción da economía local a través da intervención nos escaparates e ambientación das rúas.*
- *Promover a saúde mediante actividades de produción, distribución e o establecemento de conexións coas organizacións e dependencias da nosa comunidade, Concienciar da importancia da saúde, alimentación e actividade física traballando co alumnado dos centros educativos de Pontevedra.*

V.- *A Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2022, contempla unha aplicación orzamentaria, para convenios co Concello de Pontevedra.*

VI.- *Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra, ambas institucións acordan aprobar o presente convenio de colaboración, para o desenvolvemento de actividades de promoción económica, educación, saúde e deporte da cidade de Pontevedra, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo ás seguintes*

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

1- É obxecto deste convenio, establecer as pantas de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra, para o desenvolvemento de diversas actividades no marco do programa de actividades de promoción económica, educación, saúde e deporte.



2.- Os proxectos e actividades de promoción económica, educación, saúde e deporte financiados por este convenio, e que se desenvolverán no 2022, son os seguintes:

- III FEIRA DA SAÚDE E BENESTAR. PONTESAN
- PONTECIENCIA. IX FEIRA DA MINICIENCIA
- GASTROLAB e FORO INTERNACIONAL

SEGUNDA.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

O custe total das actuacións obxecto deste convenio ascende a douscentos vinte dous mil douscentos sententa e dous con trinta e seis céntimos (222.272,36 euros).

A Deputación Provincial financiará unha contía máxima de cento sesenta e nove mil cincuenta e seis euros con dez céntimos (169.056,10 euros), sendo gastos admisibles os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade conveniada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 1 de novembro de 2022.

A achega da Deputación de Pontevedra financiará o custe total subvencionable máximo das actuacións, con cargo á anualidade 2022 e contra a aplicación 22/942.9420.462.14 do orzamento provincial (Concellos-Investmentos en Convenios (Vigo e Pontevedra).

A achega comprometida pola Deputación de Pontevedra consiste nunha contía fixa máxima, no caso de que as actividades realizadas teñan un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade das actividades, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.

Pola súa parte, o Concello de Pontevedra se compromete a financiar o custe correspondente aos gastos nos medios de comunicación referidos á actividade "III FEIRA DA SAÚDE E BENESTAR PONTESAN" na cantidade de 30.216,26 €, con cargo á anualidade 2022 e contra a aplicación 01.9200.226.02 do orzamento municipal.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

1.- O Concello de Pontevedra asume individualmente a obriga da organización e coordinación de todas as actividades realizadas ao abeiro deste convenio.

2.- Corresponderalle ao Concello de Pontevedra aprobar as correspondentes memorias técnicas, pregos de cláusulas ou documentos análogos que conteñan as condicións dos contratos necesarios para a completa realización das actividades programadas obxecto do convenio, así como calquera outro extremo que fose necesario para a súa execución.

3.- O Concello de Pontevedra asume a obriga, de ser necesario, de obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.

4.- O Concello de Pontevedra comprométese na difusión do evento a facer visible a colaboración da Deputación de Pontevedra no seu financiamento.



5.- O Concello de Pontevedra deberá xustificar no prazo máximo de tres meses, dende o fin das actuacións perante a Deputación as actuacións executadas.

6.- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Pontevedra, comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

7.- O Concello de Pontevedra obrígase a comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.

CUARTA.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra comprométese a financiar os custos derivados da organización dos citados eventos obxecto do convenio, ata a cantidade máxima de cento sesenta e nove mil cincuenta e seis euros con dez céntimos (169.056,10€), de conformidade co disposto na cláusula segunda, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, e na parte proporcional do financiamento, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.

A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución do obxecto do presente convenio e formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

A Deputación de Pontevedra prestará a colaboración e facilitará tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.

QUINTA.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións derivadas do obxecto do presente convenio se incluírá a imaxe corporativa que a este fin facilite a Deputación Provincial de Pontevedra.

As accións de promoción a desenvolver no marco do obxecto do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración prestada pola Deputación de Pontevedra.



Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

SEXTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo das contratacións subvencionadas.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, sen que se abone máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida, establecendo una porcentaxe de desviación máxima no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial do 20 %.

A documentación xustificativa a presentar polo beneficiario previa á realización do pago final será a seguinte:

- a) Conta xustificativa dos gastos, na que figurará a relación do custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo.*
- b) Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos polo importe da subvención concedida.*
- c) Declaración responsable de que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade subvencionada. Así mesmo, indicarse que o resto de xustificantes da conta estarán a disposición da Deputación para o seu exame no caso de que sexa requirida.*
- d) Memoria explicativa e detallada da realización da finalidade.*
- e) Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, na que se indicará de ser o caso, a entidade concedente, data e importe total concedido.*
- f) Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.*
- g) Xustificación da divulgación do financiamento da actividade por parte da Deputación.*



O pago de todas as facturas que figuren na conta xustificativa deberá efectuarse no prazo máximo dun mes desde a percepción dos fondos e realizarse preferentemente a través de entidades financeiras, sendo obrigatorio, en todo caso, cando o importe de cada factura supere a cantidade de 900 € e que, no caso de non ter contabilidade fiable, só serán subvencionables os gastos que só se poidan acreditar mediante extractos bancarios (independentemente do importe dos mesmos).

Así mesmo, o Concello de Pontevedra poderá facer xustificacións parciais segundo se vaian executando durante cada unha das actuacións que serán obxecto do pago parcial da subvención correspondente por parte da Deputación. A estes efectos, o pagamento será proporcional ao importe das xustificacións presentadas.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico. Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución das actividades a que este convenio se refire.*
- A coordinación técnica das entidades asinantes nos diversos aspectos técnicos e organizativos para favorecer a promoción, difusión e organización das actividades obxecto deste convenio.*
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.*
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten de ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*
- A emisión de informe en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.*
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.*

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros, e en todo caso unha vez ao mes. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación Provincial de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

NOVENA.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actividades ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 31/12/2022, estendéndose o seu prazo de xustificación como máximo ata o 31/03/2023.

DÉCIMA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.



Serán causas de resolución:

1º.- *O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*

2º.- *O acordo unánime dos asinantes.*

3º.- *O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.*

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.- *Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*

5º.- *Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.*

UNDÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas nel, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Regulamento de desenvolvemento desta Lei, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polas restantes normas de dereito administrativo; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E, como proba de conformidade, asinan o presente Convenio, na data da sinatura electrónica.

*A Presidenta da Deputación de Pontevedra
Asdo.: M^a Carmen Silva Rego*

*O Alcalde-Presidente do Concello de
Pontevedra
Asdo.: Miguel Anxo Fernández Lores*

*O Secretario da Deputación de Pontevedra
Asdo.: Carlos Cuadrado Romay*

*O Secretario do Concello de Pontevedra
Asdo.: José Carlos Castiñeira Piñeiro”*

- *Facultar á presidenta para formalizar o devandito convenio mediante a súa sinatura.*
- *Darlle traslado do presente acordo ó Concello de Pontevedra, á Intervención, ó Servizo de Cooperación, ó Gabinete da Presidencia e ó Gabinete de Prensa.*



15.31610.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “O MARISQUÍÑO 2022”. (Expte. 2022016433)

Ratifícase a inclusión do presente asunto na orde do día da convocatoria efectuada, á vista do informe xustificativo emitido ao respecto e considerando, especialmente, que neste momento o asunto xa está ditaminado (por unanimidade), votándose á vista do seu resultado.

A Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Vigo*, no exercicio das súas respectivas competencias, en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións, desenvolven accións de cooperación na planificación e execución de proxectos e actuacións de ámbito cultural e deportivo.

Co fin de colaborar no desenvolvemento do festival “*O Marisquiño 2022*”, ambas entidades elaboraron conxuntamente unha proposta de convenio de colaboración. Trátase dun festival que se vén realizando na cidade de Vigo dende hai 20 anos e que terá lugar os días 12, 13 e 14 de agosto de 2022, constituíndo un referente de carácter internacional nos eidos do deporte e cultura urbanos. A súa vez, o festival atópase incluído respectivamente nos programas “*Rías Baixas Fest*” da Deputación e “*Vigo en Festas 2022*” do Concello de Vigo.

A difusión da súa celebración en diversos medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais, así como a retransmisión en streaming das distintas probas e a súa ampla repercusión nas redes sociais, supón unha oportunidade única para a promoción non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra.

O Concello de Vigo presenta o día 18/03/2022 e 23/03/2022 no Rexistro da Deputación (núms. rexistro WEB2022014952 e WEB 2022015723, respectivamente) a solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do convenio.

Na data 24/03/2022 a xefa do Servizo de Cooperación informa sobre o interese público da actuación e, pola súa banda, o día 04/04/2022 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable do expediente.

Fundamentos de dereito:

Réxime xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).



- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022.

Consideracións xurídicas:

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2022, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio:

- Artigo 47 e ss. da LRXSP, que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL, que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.



- Artigo 198 da LALGA, que establece que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. No seu apartado 2º dispónse que a través dos convenios de cooperación as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector e distribuír as subvencións outorgadas por unha delas; ademais, o apartado 3º sinala que, en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais.
- Artigo 199 da LALGA, que, en consonancia co artigo 49 da LRXSP, sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.
- Artigo 2 da LXS, polo que a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención. O artigo 22.2 da LXS sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- Artigo 28.1 da LXS, que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta Lei.

Competencia das administracións:

- Artigo 25.2 da LRBRL, que, en concordancia co artigo 80.2 da LALGA, atribúe, entre outras, ás administracións municipais a competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; promoción da cultura e equipamentos culturais; e información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo as seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.



Competencia para resolver:

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de execución do orzamento provincial, e de conformidade cos artigos 35 da LRBRL e 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Conclusións:

En base ás precedentes consideracións e ao interese público, social e cultural que representa esta actuación, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, conveñen a súa colaboración neste ámbito, para desenvolver un réxime de colaboración entre ambas administracións locais e promover a celebración do festival “O Marisquiño 2022”.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración.

O Concello de Vigo presentou a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto, e tendo en conta os antecedentes e fundamentos de dereito aplicables, informo favorablemente a tramitación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do festival “O Marisquiño 2022”.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista de todo o anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o *Convenio de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do festival “O Marisquiño 2022”*, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “O MARISQUIÑO 2022”.

En Vigo, na data da sinatura electrónica.

INTERVEÑEN

Dunha parte, dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



Doutra, don Abel Caballero Álvarez, alcalde-presidente do Concello de Vigo, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, e don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos

EXPOÑEN

I. Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadanía poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II. Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo, en base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia entre as diferentes administracións públicas no exercicio das súas competencias e en asuntos de interese común que se recollen na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, desenvolverán accións para potenciar a participación da sociedade no fomento da cultura, en concreto mediante programas e actividades de promoción da cultura.

III. Que o carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da citada Lei 7/1985, e en concreto aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.

Pola súa banda, a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.

IV. Que “O Marisquiño”, festival que se vén celebrando en Vigo dende hai 20 anos, consolidouse na oferta actual de festivais, constituíndo unha referencia de carácter internacional no ámbito do deporte e cultura urbanos. A ampla axenda do festival, que inclúe probas deportivas que puntúan nos respectivos campionatos mundiais xunto cunha destacable oferta musical, artística e cultural, en combinación coa localización privilexiada no porto de Vigo. “O Marisquiño” atópase incluído no programa “Rías Baixas Fest” da Deputación de Pontevedra e no programa “Vigo en Festas 2022”.

V. Que o gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación nacionais e internacionais xunto coa presenza de deportistas de máis de trinta nacionalidades, así como a retransmisión en streaming das distintas probas e a súa ampla repercusión nas redes sociais, caracterizan “O Marisquiño” como unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra. Neste sentido o segmento ao que se dirixe esta oferta, en constante crecemento, non resulta accesible para as canles tradicionais de promoción, tanto por custo como impacto.



VI. Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2022, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Vigo.

VII. Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra que ten como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de fomento de actividades culturais, acordaron aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO. OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para o desenvolvemento do festival “O Marisquiño 2022” que terá lugar os días 12, 13 e 14 de agosto de 2022 en Vigo.

SEGUNDO. FINANCIAMENTO DO CONVENIO

As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, por un importe de CIENTO OITENTA MIL EUROS (180.000,00€), SEN IVE, para facer fronte aos gastos relacionados co festival “O Marisquiño 2022”.

O financiamento realizarase con cargo á aplicación 22/942.9420.462.14 do vixente orzamento provincial.

TERCEIRO. EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º. A execución do presente convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial terá lugar co seguinte desglose:

ANUALIDADE	TOTAL
2022	180.000,00€

2º. O Concello de Vigo redactará unha proposta de convenio de colaboración coa empresa Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU, CIF B36957132, para o festival “O Marisquiño 2022” que se desenvolverá os días 12, 13 e 14 de agosto de 2022 en Vigo. A antedita empresa ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca “O Marisquiño”. A marca atópase debidamente rexistrada na Oficina Española de Patentes e Marcas a nome de don Carlos Domínguez Fernández, propietario único de Ulisesproyect Eventos Especiales, SLU.

O Concello de Vigo remitirá unha copia do texto do convenio á Deputación.

3º. O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º. A administración municipal remitira á provincial a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.



5º. A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e ao responsable do contrato a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTO. COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Redactar unha proposta de texto de convenio, entre o Concello de Vigo e a empresa *Ulisesproject Eventos Especiales, SLU*, para o festival “O Marisquiño 2022” que se desenvolverá os días 12, 13 e 14 de agosto de 2022 en Vigo. A empresa *Ulisesproject Eventos Especiales, SLU*, ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca “O Marisquiño”.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial e máis do convenio.
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Xustificar perante a Deputación as actuacións ás que se refire, prestacións executadas mediante a presentación da seguinte documentación acreditativa dos gastos:
 - o Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local e do texto do convenio asinado entre o Concello de Vigo e *Ulisesproject Eventos Especiales, SLU*, para o festival “O Marisquiño 2022”;
 - o Memoria das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada; informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo;
 - o Facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
 - o Conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
 - o Memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
 - o Certificación de pagamento a favor de *Ulisesproject Eventos Especiales, SLU*, asinada polo tesoureiro do Concello de Vigo;
 - o Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.



- *Así mesmo, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no seu regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro; na Lei 38/2003, de 17 do novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.*

QUINTO. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra comprométese a financiar os custos derivados do convenio, ata a cantidade máxima de CIENTO OITENTA MIL EUROS (180.000,00€), sen IVE, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.

O pagamento das prestacións obxecto do convenio realizarase, contra a aplicación 22/942.9420.462.14 do vixente orzamento provincial (Concellos-Investmentos en Convenios [Vigo e Pontevedra]).

A Deputación Provincial someterá o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Ulisesproject Eventos Especiales, SLU, obxecto deste convenio, á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos e, se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.

A Deputación prestará a colaboración e facilitará tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015 e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose así mesmo dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00€.

SEXTO. PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas á edición do festival “O Marisquiño 2022”, en todos os formatos, figurarán os logotipos da Deputación Provincial de Pontevedra e do Concello de Vigo.

As accións a desenvolver dentro do festival “O Marisquiño 2022”, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da citada Lei 38/2003.



SÉTIMO. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009 a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou/e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actividade subvencionada.

OITAVO. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio a que este convenio se refíre.*
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Proponer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.*
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.*
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.*

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

NOVENO. VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución do convenio a que o mesmo se refíre, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2022.

DÉCIMO. EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º. O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*
- 2º. O acordo unánime dos asinantes.*
- 3º. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.*

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolta o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.



4º. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

6º. Polo incumprimento das obrigas estipuladas no texto do convenio por parte de *Ulisesproject Eventos Especiales, SLU*.

UNDÉCIMO. RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003 e o Real Decreto 887/2006 nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento e Control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

Polo Concello de Vigo
O alcalde-presidente,
Don Abel Caballero Álvarez

Pola Deputación Provincial de Pontevedra
A presidenta,
Dona María del Carmen Silva Rego

A secretaria,
Dona Susana Gallardo Fariña

O secretario,
Don Carlos Cuadrado Romay ”

- Facultar á presidenta para formalizar o devandito Convenio de Colaboración mediante a súa sinatura.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vigo*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

16.31611.- AUTORIZACIÓN PARA DISPOÑER DO CRÉDITO PROCEDENTE DO INVESTIMENTO “INSTALACIÓN DE SANEAMIENTO SEPARATIVO EN RUA REAL”, PARA FINANCIAR NOVOS INVESTIMENTOS DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2020. (Expte. 2020019238)

En data 29/05/2020, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 8.28929, concedeuse ao *Concello de Caldas de Reis*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, subvención por importe de 265.820,23 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Instalación de saneamento separativo*”



en *Rúa Real*”, cun orzamento que ascende a 319.420,23 €, condicionada á resolución favorable da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Augas de Galicia), á autorización do Ministerio de Fomento, á autorización da Consellería de Economía, Emprego e Industria e á autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por realizarse algunha actuación na zona de afección destes organismos, así coma á presentación da acta de trazado previo (anexo II).

En data 18/03/2022 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2022014879, instancia do Concello de *Caldas de Reis* na que manifesta a necesidade de realizar un cambio de proxecto para dar cumprimento aos requisitos impostos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, sendo autorizado este cambio en data 01/04/2022 mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 37.31563, supoñendo este cambio un incremento do seu orzamento pasando a ser de 352.206,98 euros pero sen variar o importe inicial da subvención concedida.

En data 15/03/2022 con rexistro WEB2022014194 o *Concello de Caldas de Reis* aporta documentación relativa ao investimento “*Instalación De Saneamento Separativo En Rúa Real*” da que se deduce que o investimento foi adxudicado por un importe de 285.111,54 €, xerándose unha baixa teórica total de adxudicación a favor do Concello de 67.095,44 € (correspondendo á Deputación 50.638,76 €).

En data 25/03/2022, con rexistro de entrada WEB2022016011 e WEB2022016056, o Concello de Caldas de Reis solicita, a disposición do crédito da baixa teórica de adxudicación da actuación “*Instalación de saneamento separativo en rúa Real*” que importa 50.638,76 euros para financiar dúas novas actuacións: “*Ponte de Gallamondé*” e “*Pasarela sobre o Río Bermaña*”.

Asemade, o órgano de contratación asume o compromiso de que, de existir algunha incidencia na obra “*Instalación de saneamento separativo en Rúa Real*” que supoña un incremento do prezo adxudicado e contratado, é dicir, unha minoración do importe da baixa teórica de adxudicación, os seu custo será asumido integramente con fondos propios do concello.

Visto o que antecede, solicito que se realicen os trámites oportunos para dispoñer do crédito previamente comprometido na aplicación 2022/942.9425.762.45.2020 a fin de que o Concello de Caldas de Reis poida aplicar a totalidade da baixa teórica de adxudicación que importa 50.638,76 euros, procedente do investimento “*Instalación de saneamento separativo en Rúa Real*” (Expte.2020019238), no financiamento dos novos investimentos que pretende acometer o concello.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do Orzamento Provincial para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2020.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do *Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020*, relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión de axudas é do de concorrencia non competitiva.

Petición e evacuación de informes

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Procedencia da autorización:

- Base 19ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2020, que dispón que de se produciren baixas nas adxudicación dos contratos a entidade beneficiaria deberallo comunicar á Deputación antes da súa aplicación. Os Concellos poderá reinvestir as baixas xeradas na adxudicación dos contratos no mesmo investimento, con independencia do seu importe, ou reinvestirse noutra obra distinta. Neste caso o montante do sobranse individual ou acumulado das baixas e do proxecto debe ser igual ou superior a 6.000,00 euros, permitíndose a acumulación das baixas ata acadar o importe mínimo de 6.000,00 euros. En caso contrario, as baixas deben aplicarse no mesmo investimento.
- Base 21ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2020, que dispón que os investimentos, incluídos aqueles que se produzan como consecuencia da aplicación das baixas, estes deberán estar executados a 31 de Xullo de 2022 e xustificados, na súa totalidade, o 31 de Agosto de 2022 en base a prórroga publicada no BOPPO núm. 230 de data 27 de novembro de 2021.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento provincial, e visto o informe da xefa do servizo de cooperación, de data 04/04/2022, e o informe favorable da intervención provincial de data 05/04/2022, que conclúen favorablemente a tramitación do expediente permitindo dispoñer do crédito para a súa posterior aplicación en novos investimentos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar, deixar en dispoñible o crédito previamente comprometido na partida orzamentaria 2022/942.9425.762.45.2020 que importa 50.638,76 euros procedente da baixa teórica de adjudicación do investimento “*Instalación de saneamento separativo en Rúa Real*” (Expte.2020019238) dentro do correspondente proxecto de gasto, a fin de que o concello poida posteriormente aplicar esta baixa na financiación de novos investimentos propostos polo concello.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Caldas de Reis*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia.

17.31612.- RESOLUCIÓN DOS CONTRATOS CORRESPONDENTES AOS LOTES Nº 12 E Nº 14, DE DOCENCIA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO EN A GUARDA E LALÍN, RESPECTIVAMENTE, DO SERVIZO DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROXECTO LABORA 2020 2ª CONVOCATORIA DENTRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO FONDO SOCIAL EUROPEO DESTINADAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A INSERCIÓN DAS PERSOAS MAIS VULNERABLES COFINANCIADO NUN 80% POLO FONDO SOCIAL EUROPEO. (Expte. 2020031675).

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 30 de xullo de 2021, acordou adjudicar os lotes nº 12 e nº 14 do contrato para a prestación do “Servizo de formación no marco do proxecto “*Labora 2020.-2ª convocatoria*” dentro da convocatoria de axudas do Fondo Social Europeo destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables cofinanciadas nun 80% polo FSE” a empresa Lidera Knowledge SL de acordo co seguinte detalle:

Lote 12.- Docencia da formación profesional para o emprego en A Guarda polo importe de 44.137,00 € (exento de IVE).

Lote 14.- Docencia da formación profesional para o emprego en Lalín polo importe de 45.850,00€ (exento de IVE).



A cláusula 3.5 do prego de cláusulas económico-administrativas que rexen no contrato establece que a Deputación de Pontevedra non se compromete a que se leven a cabo todas as accións formativas previstas, xa que dependerá de que o número de alumnos seleccionados alcance o mínimo de 10 persoas esixidas pola Xunta de Galicia para a formación conducente a certificados de profesionalidade. No caso de que non se alcance dito número mínimo de 10 persoas non se levará a cabo dita acción formativa, e polo tanto a empresa non terá dereito ao cobro de ningunha cantidade.

Así mesmo a cláusula 18 establece que no caso de que non se alcance o número mínimo de 10 persoas esixidas pola Xunta de Galicia para a impartición da formación conducente a certificados de profesionalidade non se levará a cabo dita acción formativa o que conlevará a resolución do contrato de forma total ou parcial (no caso de lotes con máis de unha acción formativa).

O Xefe do Servizo de Promoción de emprego e desenvolvemento local comunica ao Servizo de contratación que con data 01/03/2022 adoptouse entre D. Juan Carlos Valencia Rodríguez en representación da empresa Lidera Knowledge SL e a Adxunta ao Xefe do Servizo de Promoción de emprego e desenvolvemento local D^a Natalia Abalo Araujo acordo para a resolución do Lote 12.- Docencia da formación profesional para o emprego en A Guarda e do lote 14 Docencia da formación profesional para o emprego en Lalín do Servizo de formación no marco do proxecto Labora 2020 2^a convocatoria dentro da convocatoria de axudas do Fondo Social Europeo destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables cofinanciado nun 80% polo FSE TIC emprendes cofinanciado polo FSE no marco do proxecto de emprego xuvenil axudas EM-POEJ por non contar co mínimo de participantes a pesar de ter realizado diversas sondaxes co Servizo público de emprego así como outras medidas de captación e difusión segundo consta na acta da reunión celebrada que consta no expediente.

Así mesmo ambas partes manifestan que ao non ter iniciado a impartición da referida acción formativa, o contratista adxudicatario presta a súa conformidade á resolución do contrato, renunciando a indemnizacións económicas de todo tipo.

Así mesmo, acórdase a devolución das fianzas depositadas no seu día que ascenden ás contías de 2.206,85€ para o lote 12 e de 2.006,44€ para o lote 14.

O artigo 190 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, (en adiante LCSP) establece que, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de acordar a resolución dos contratos administrativos e determinar os efectos desta.

O Código Civil, na Teoría xeral dos contratos no título II, dentro do seu libro IV “As obrigas e contratos” (do art. 1215 ao art. 1314), establece o principio de autonomía da vontade.

Así, o artigo 1.255 do CC sinala que: “*Os contratantes poden establecer os pactos, cláusulas e condicións que teñan por conveniente sempre que non sexan contrarios ás leis, á moral nin ao orde público*”.

Así mesmo o artigo 34 da LCSP regula a liberdade de pactos como segue: “1. Nos contratos do sector público poderán incluírse calesquera pactos, cláusulas e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e a os principios de boa administración.

Estes pactos, froito da autonomía de vontade das partes, así como aquelas condicións definidoras dos dereitos e obrigas das partes do contrato, deben ser incluídos nos pregos de cláusulas administrativas particulares como así se prevé no artigo 122 da LCSP.

A cláusula 18 dos pregos de cláusulas económico-administrativas establece como causa de resolución do contrato a seguinte:

No caso de que non alcanzar o número mínimo de 10 persoas esixidas pola Xunta de Galicia para a impartición da formación conducente a certificados de profesionalidade non se levará a cabo dita acción formativa o que conllevará a resolución do contrato de forma total ou parcial (no caso de lotes con máis dunha acción formativa).

Visto o informe emitido polo Xefe do Servizo de contratación de data 24/03/2022 polo que se considera conforme a dereito proceder a resolución do citado contrato e consecuentemente a devolución das correspondentes garantías depositadas.

Vistos así mesmo os informes emitidos pola Secretaria Xeral con data 28/03/2022 e pola intervención con data 12-04-2022 polos que se informa favorablemente a resolución do citado contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións e servizos que superen o importe de 60.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobación da resolución dos contratos correspondentes aos lotes nº 12 e nº14.-Docencia da formación profesional para o emprego en *A Guarda e Lalín*, respectivamente, do Servizo de formación no marco do proxecto Labora 2020 2ª convocatoria dentro da convocatoria de axudas do Fondo Social Europeo destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables cofinanciadas nun 80% polo FSE formalizadas coa empresa Lidera Knowledge SL (CIF:B27.821.305).



2.- Proceder á devolución ou cancelación das garantías definitivas constituídas pola empresa Lidera Knowledge SL (CIF B-27.821.305) para responder do cumprimento dos referidos lotes de acordo co seguinte detalle:

LOTES	Importe Garantía	Carta de pago (núm operación)
12	2.206,85 €	202100021614
14	2.006,44 €	202100026884

18.31613.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, DO SERVIZO DE SOPORTE E MANTEMENTO DA INFRAESTRUTURA DE ALMACENAMENTO DE CABINAS UNITY DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2022009455)

A Deputación de Pontevedra dispón actualmente de dous centros para o proceso de datos, un principal, en adiante CPDP, situado no Edificio Administrativo da propia Deputación e outro de respaldo, en adiante CPDR, situado no Centro Príncipe Felipe de Pontevedra.

No que se refire ao almacenamento da información a infraestrutura dispón entre outros equipos dunha cabina Dell EMC Unity 400, tres cabinas Dell EMC Unity 300 e dúas cabinas Dell EMC Unity 450F de dous servidores do sistema federator VPLEX e os seus catro Switch Fibre Channel DS-5100 cas súas licenzas e elementos asociados.

Que para que a Deputación de Pontevedra poida exercer as súas competencias segundo o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local faise necesaria a contratación dun servizo de soporte técnico e mantemento desta infraestrutura de almacenamento, co obxectivo de manter estes sistemas e previr con elo calquera impacto na calidade e dispoñibilidade da infraestrutura causada pola existencia de equipamento fora do período de garantía. Esta infraestrutura aparece indicada de forma detallada no apartado “8 ANEXO I. INVENTARIO DE EQUIPOS A MANTENER” do Prego de Prescricións Técnicas (PPT).

A Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos e técnicos suficientes para realizar directamente este servizo xa que non conta con persoal especializado nesa materia, en canto a opción de non ampliar o equipo do servizo para tal fin hai que considerar que si se externaliza conseguiríase un servizo de soporte técnico 24x7x365 (calquera hora do día, durante os 365 días do ano), algo que de realizarse con medios propios sería moito máis custoso.



En base ao exposto, con data 24 de febreiro de 2022, o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías, emite informe no que, co visto e praxe da deputada, propón a contratación dun servizo de *“soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas UNITY da Deputación de Pontevedra”*. O contrato proposto ten un prazo de duración de 2 dende a data de formalización do contrato, coa posibilidade dunha prórroga anual de dous anos de duración, e un orzamento base de licitación de 139.176,64 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 14/03/2022, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizo. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 14/03/2022, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 16/03/2022, e as observacións contidas no mesmo.

Vistas as aclaracións e emendas realizadas, a petición da Secretaria, na documentación preparatoria do expediente, polos servizos de Novas Tecnoloxías e de Contratación, reflectida nos seus respectivos informes de data 22/03/2022.

Visto que con data 22/03/2022, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 12/04/2022, coas seguintes observacións e recomendacións:

“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio.”

Visto que con data 25 de febreiro de 2022, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202200041368 polo importe de 34.794,16 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 22/926.9260.227.23 do vixente orzamento provincial, e documento de retención de crédito para exercicios futuros número 202200041370 polo importe de 69.588,32 euros, para o ano 2023 e número 202200041371 polo importe de 34.794,16 euros para o ano 2024.



Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “*Servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas UNITY da Deputación de Pontevedra*”.

O prazo de duración será de 2 anos, contado desde a data de formalización do contrato.

Establecese a posibilidade de unha prórroga de dous anos de duración.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 139.176,64 €.

O valor estimado é de 230.044,04 €.



2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV:2BUJ5AM7UYSR7N03) e de prescricións técnicas (CSV: RXMUHWPU1LA60XJK) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 139.176,64 euros, dos cales a cantidade de 34.794,16 euros irá con cargo á aplicación orzamentaria 22/926.9260.227.23 do vixente orzamento provincial, e a cantidade de 69.588,32 euros, con cargo á correspondente aplicación orzamentaria do ano 2023 e a cantidade 34.794,16 euros correspondente aplicación do ano 2024.

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2023 e 2024 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

4.- Nomear responsable do contrato, o xefe do servizo Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

19.31614.- PRÓRROGA NA EXECUCIÓN DO CONTRATO “PLAN MÓVESE. MOBILIDADE E VELOCIDADE SEGURA. FASE III, LOTE 2”.
(Expte.2020019248)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 26/03/2021 acordou adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., o contrato obra “Plan MOVESE. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III. Lote2-Zona Centro”, por un importe de 810.162,11 € IVE Incluído e un prazo de execución de DOCE (12) meses.

Resultando.- Que con data 22/04/2021 formalizouse acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 22/04/2022.

Resultando.- Que con data 14/03/2022 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de paralización, total das obras, debido a que a folga no sector do transporte con carácter ilimitado, provoca a falla de subministro aos lugares de execución dos traballos, de materiais principais coma formigón, mestura bituminosa, pezas prefabricadas etc. Recolle a acta que a porcentaxe de obra executada é do 70,5 %.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/03/2022 acordou aprobar o proxecto modificado da obra “Plan MOVESE. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III. Lote2-Zona Centro”, establecendo que o prazo de execución de todas as unidades de obra recollidas no proxecto modificado será de doce (12) meses a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

Resultando.- Que con data 22/03/2022 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de reinicio das obras, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 30/04/2022.

Resultando.- Que con data 25/03/2022 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista solicitando unha prórroga de 2 meses na execución deste contrato, xustificando a solicitude no retardo polo desabastecemento nos subministros previo á folga de transportes, e a propia folga do sector do transporte que impideu o subministro formigón, baldosa hidráulica etc.

Resultando.- Que con data 30/03/2022 emitiu informe o director de obra recollendo o seguinte: *“...esta dirección facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra en DOUS (2) MESES, ata o 22 de xuño do 2022....”*

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Vicesecretario da Deputación e o Interventor informando favorablemente o expediente.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: *“...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”*

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: *“...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”*

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: *“1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”*



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa *Construcciones Fechi, S.L.* unha prórroga de DOUS (2) meses, na execución do contrato de obras “*Plan MOVESE. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III. Lote2-Zona Centro*”, establecendo coma data para finalizar a obra o día 22/06/2022.

20.31615.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA PRESENTADA POLO XEFE DO PARQUE MÓBIL, CORRESPONDENTE A FONDOS LIBRADOS DE ANTICIPOS DE CAIXA FIXA DURANTE OS ANOS 2018, 2019 E 2020, POLO PROCEDIMENTO DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Expte. 2022014371).

Por Resolución Presidencial número 2022000660 de data 28 de xaneiro de 2022 aprobouse unha resolución de reordenación das aplicacións orzamentarias, dos habilitados e dos importes dos anticipos de caixa fixa, autorizando a constitución dun anticipo de caixa fixa xeral para os gastos dos diversos servizos por importe global de 83.550,00 €. Entre outros servizos desta Deputación que contan con importes autorizados de anticipos de caixa fixa está o Servizo Central, figurando entre outras aplicacións que dispoñen de fondos, a 920.9200.221.03 (Combustibles e carburantes) e a 920.9200.231.20 (Gastos de locomoción do persoal), aparecendo como habilitados responsables da xustificación dos fondos D. Marcos Galiñanes Varela e D. Carlos Rial Moreira.

Resultando que o Xefe do Parque Móbil, *D. Marcos Galiñanes Varela*, a través de escrito de data 11 de marzo de 2022, pon de manifesto que procedeu a efectuar con retraso a xustificación de gastos que foron abonados con fondos librados dos anticipos de caixa fixa dos anos 2016, 2018, 2019 e 2020, debido a que estivo durante bastante tempo de baixa laboral e foi preciso localizar as facturas deses anos. O detalle da conta xustificativa foi o seguinte:

GASTOS DE PARKING.		GASTOS DE COMBUSTIBLE.	
APLICACIÓN: 920.9200.231.20		APLICACIÓN: 920.9200.221.03	
ANO	IMPORTE	ANO	IMPORTE
2016	4,00 €	2018	617,24 €
2018	314,20 €	2019	215,51 €
2019	69,26 €	2020	167,01 €
2020	83,90 €	TOTAL...	999,76 €
TOTAL...	471,36 €		



Resultando que pola Intervención con data 5 de abril de 2022 emítase informe onde figura que una vez examinada a documentación presentada polo Xefe do Parque Móbil, D. Marcos Galiñanes Varela, (CSV: XLCHFQVCNPY9BX4C), rexéitase un ticket por importe de 4,00 euros por ter data do 7/07/2016, ao estar fóra do período de baixa ó que o Xefe do Parque Móbil fai referencia, considerando o resto da documentación axeitada ao fin previsto, polo que se pode proceder á aprobación da xustificación realizada por un importe global 1.467,12 euros e a incoación dun expediente de reintegro polo importe de 4,00 euros correspondente ao importe disposto e non xustificado debidamente polo habilitado perceptor, D. Marcos Galiñanes Varela.

Resultando que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, número 2022002622 de data 5 de abril de 2022, procedeuse a incoar o expediente de reintegro polo importe de 4,00 euros correspondente ao importe disposto e non xustificado debidamente polo habilitado perceptor, D. Marcos Galiñanes Varela.

Resultando que a Intervención con respecto á aprobación da xustificación dos fondos librados de “Anticipos de caixa fixa” dos anos 2018, 2019 e 2022, por importe global de 1.467,12 euros, con data de 5 de abril de 2022, informa da existencia de crédito no vixente orzamento provincial para os gastos de parking e combustibles, por importes de 467,36 € e 999,76 €, con cargo ás aplicacións 22/920.9200.231.20 e 22/920.9200.221.03, respectivamente. Así mesmo ante o feito de que os gastos están realizados nos mencionados exercicios procede a aprobación das contas xustificativas polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito ademais de dar conta ao Pleno no informe anual que elabora a Intervención cos resultados obtidos do control de contas a xustificar e anticipos de caixa fixa.

Considerando que a base 33º do orzamento provincial para o ano 2020 establecía que antes do 15 de decembro dese ano as persoas que figuraban como habilitados de fondos librados de “Anticipos de caixa fixa” deberían render contas xustificativas dos gastos realizados con estes fondos en tal exercicio.

Considerando o establecido nos artigos 34.1, f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 185 e 190 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e 61.14 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como na base 33ª de execución do vixente orzamento provincial.

Considerando que a base 17ª do orzamento provincial para o ano 2022 establece que nos supostos de fiscalización nos que se detecte que as facturas ou certificacións non cumbran con algún dos requisitos esenciais esixibles e se os requisitos incumpridos implican a nulidade radical da obriga, procederase ó recoñecemento das obrigas polo sistema de recoñecemento extraxudicial de crédito sendo competencia da Xunta de Goberno, por delegación da Presidencia, cando exista crédito no orzamento da Deputación de Pontevedra.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos e declarar de aboamento as obrigas ás que se refiren a xustificación de fondos librados de anticipos de caixa fixa dos anos 2018, 2019 e 2020, presentadas polo Xefe do Parque Móbil, Don Marcos Galiñanes Varela, por un importe global de mil catrocentos sesenta e sete euros con doce céntimos (1.467,12 €) correspondentes a gastos de carácter periódico e repetitivo de acordo co detalle que figura recollido nas facturas xustificativas incluídas no expediente CIVIDAS número 2022014371.

GASTOS DE PARKING.		GASTOS DE COMBUSTIBLE.	
ANO	IMPORTE	ANO	IMPORTE
2018	314,20 €	2018	617,24 €
2019	69,26 €	2019	215,51 €
2020	83,90 €	2020	167,01 €
TOTAL...	467,36 €	TOTAL...	999,76 €

Os gastos por utilización de parking cos vehículos adscritos ao Parque Móbil da Deputación de Pontevedra, durante os anos 2018, 2019 e 2020, por importe global de 467,36 euros e os gastos de combustible dos anos 2018, 2019 e 2020 dos citados vehículos, por importe global de 999,76 euros imputaranse ás aplicacións orzamentarias 22/920.9200.231.20 e 22/920.9200.221.03, do vixente orzamento provincial e efectuaranse con reposición de fondos na caixa fixa xeral, cuxo habilitado é o Sr. Tesoureiro da Deputación de Pontevedra.

2. Que por parte da Intervención se de conta ao Pleno da aprobación da mencionada conta xustificativa por importe global de mil catrocentos sesenta e sete euros con doce céntimos (1.467,12 €), efectuada polo habilitado do Centro Xestor Servizo Central, D. Marcos Galiñanes Varela, no informe anual cos resultados obtidos do control de contas a xustificar e anticipos de caixa fixa, de acordo co disposto no artigo 27.2 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.



21.31616.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA “MELLORA NAS INSTALACIÓN S DO PARQUE COMARCAL DE GONDOMAR”, POLO PROCEDEMENTO DE VALIDACIÓN. (Expte. 2020057138).

Por Resolución Presidencial nº 2021003764, adxudícase a obra “Mellora nas instalacións do parque comarcal de Gondomar”, á empresa Construcciones Obras E Vias S.A. (A- 36008886) por importe total IVE incluído de 105.321,58 € e cun prazo de execución de tres meses.

Visto o informe favorable de Intervención, de data 6/04/2022 relativo á certificación nº final da obra: “Mellora nas instalacións do parque comarcal de Gondomar” por importe de 16.184,69 €, no que recolle a seguinte observación:

“A pesares de que consta no expediente unha acta de comprobación de trazado negativa na que indica que non é posible o comezo das obras ó estar en tramitación o preceptivo título habilitante urbanístico e por estar pendente de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, non consta a aprobación do inicio da suspensión de execución do contrato, comezando as obras 2 meses despois da acta de comprobación de trazado negativa. Polo exposto a aprobación da certificación require seguir o procedemento de validación de crédito pola Xunta de Goberno”.

Considerando o disposto no artigo 54 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativo a validación dos actos anulables.

Considerando que por Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Ilma Presidenta para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2022, concretamente na base 17, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

- Aprobar a certificación nº final, autorizar o compromiso de gasto e a validación da seguinte obriga, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS S.A. (A-36.008.886)	22/457.4500.622.03.2020	16.184,69€
SUBTOTAL		16.184,69€
Taxa dirección de obra (4% PEM Adx)	Id.	449,61€
Control de calidade (3% PEM Licit)		387,24€
Total descontos	Id.	836,85€
TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR		15.347,84€



22.31617.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA FOROX INNOVACIÓN, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO Á XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA DEPORUARTE POLO CLIMA: PENSANDO NO 2030. (Expte.2020009778) (Devogarán 2022017546)

Por Resolución Presidencial de data 31 de xullo de 2020 (CSV.- U6D6138PKXGP29GO), adxudicouse o contrato relativo a “Servizo para a contratación dunha empresa especializada na xestión e execución do programa <DEPORUARTE POLO CLIMA: PENSANDO NO 2030>” (Expte. 2020009778).

Para responder da realización deste servizo, a empresa FOROX INNOVACIÓN, S.L. (CIF.- B-27742014), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 494,70€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202000129305 de data 22/07/2020.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer os prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa FOROX INNOVACIÓN, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobado a liquidación do contrato relativo a “*Servizo para a contratación dunha empresa especializada na xestión e execución do programa <DEPORUARTE POLO CLIMA: PENSANDO NO 2030>*” (Expte. 2020009778), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 494,00€, para responder do contrato indicado no punto anterior, que foi depositada na Tesourería Provincial o 22/07/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000129305.

23.31618.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA PROYFE, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO SERVIZO DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA PARA A PREPARACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA O PROGRAMA DO IDAE FEDER EE.LL. PARA ACTUACIÓN DE ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO, ACTUACIÓN DE MOBILIDADE SOSTIBLE, MEDIDA 8. (Expte. 2020019391) (Devogarán 2022017551)

Por Resolución Presidencial 2020002696 de data 21 de setembro de 2020 (CSV.- NCWQ0XY4QIEVL8TU), adxudicouse o contrato relativo a “Servizo de consultaría e asistencia técnica para a preparación de documentación para actuacións de economía baixa en carbono, actuacións de mobilidade sostible, no marco do programa do IDAE FEDER EE.LL. Medida 8” (Expte. 2020019391).

Para responder da realización deste servizo, a empresa PROYFE, S.L. (CIF.- B-15077233), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 697,20€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202000153840 de data 09/09/2020.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer os prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa PROYFE, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de consultaría e asistencia técnica para a preparación de documentación para actuacións de economía baixa en carbono, actuacións de mobilidade sostible, no marco do programa do IDAE FEDER EE.LL. Medida 8*” (Expte. Núm. 2021019391), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 697,20 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 09/09/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000153840.

24.31619.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA VIVE NIGRÁN, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO "PATROCINIO PUBLICITARIO DO FESTIVAL VIVE NIGRÁN 2021 A CELEBRAR NO CONCELLO DE NIGRÁN OS DÍAS 15, 16 E 17 DE XULLO DE 2021". (Expte. 2021022890) (Devogarán 2022021553)

Por Resolución Presidencial 2021003715 de data 23 de xuño de 2021 (CSV.- 980TPYZL99R5A0Z3), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de patrocinio publicitario do Festival VIVE NIGRÁN 2021*” (Expte. 2021022890).

Para responder da realización deste servizo, a empresa VIVE NIGRÁN, S.L. (CIF.- B-27846476), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 1.100,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100122068 de data 17/06/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer os prazos legalmente establecidos para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa VIVE NIGRÁN, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de patrocinio publicitario do Festival VIVE NIGRÁN 2021*” (Expte. 2021022890), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 1.100,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 17/06/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100122068.

25.31620.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA KPMG ASESORES, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO SERVIZO DE ASISTENCIA E CONSULTARÍA PARA O DESEÑO DO MODELO DE TELETRABALLO NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2021001699) (Devogarán 2022021558)

Por Resolución Presidencial 2021001088 de data 24 de febreiro de 2021 (CSV.-21EJYUXFA7YOSM9M), adjudicouse o contrato relativo a “*Servizo de asistencia e consultaría para o deseño do modelo de teletraballo na Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2021001699).

Para responder da realización deste servizo, a empresa KPMG ASESORES, S.L. (CIF.-B-82498650), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adjudicación, por importe de 1.860,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202100027425 de data 24/02/2021.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer os prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa KPMG ASESORES, S.L., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de asistencia e consultaría para o deseño do modelo de teletraballo na Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2021001699), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de **CRÉDITO Y CAUCIÓN**, por importe de 1.860,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 24/02/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100027425.

26.31621.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ARALAB, EQUIPAMENTOS DE LABORATORIO E ELECTROMECAÁNICA GERAL, LDA., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO SERVIZO DE MANTEMENTO ANUAL DAS CÁMARAS FITOCLIMA E SISTEMA DESMINERALIZADOR EXISTENTES NA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte. 2019058035) (Devogarán 2022022159)

Por Resolución Presidencial 2020000811, de data 29 de maio de 2020 (CSV.- U6D6138PKXGP29GO), adxudicouse o contrato relativo a “Servizo de mantemento anual das cámaras fitoclima e sistema desmineralizador existentes na estación Fitopatolóxica Areeiro da Deputación de Pontevedra” (Expte. 2019058035).

Para responder da realización deste servizo, a empresa EQUIPAMIENTOS DE LABORATORIO E ELECTROMECAÁNICA GERAL LDA. (CIF.- PT501516590), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 357,48€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202000058598 de data 26/05/2020.



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que procede a devolución da fianza depositada ao transcorrer os prazo legalmente establecido para ela sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa ARALAB, EQUIPAMENTOS LABORATORIO E ELECTROMECAÁNICA GERAL LDA, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de mantemento anual das cámaras fitoclima e sistema desmineralizador existentes na estación Fitopatolóxica Areeiro da Deputación de Pontevedra*” (Exppte. 2019058035), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 357,48€, para responder do contrato indicado no punto anterior, que foi depositada na Tesourería Provincial o 26/05/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000098598.

27.31622.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA BIOMÈRIEUX ESPAÑA, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO SUBMINISTRO DE DIVERSOS TIPOS DE REACTIVOS NECESARIOS PARA O LABORATORIO DA FINCA MOURISCADE. (Exppte. 2013000389) (Devogarán 2022024412)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 13 de abril de 2011, adxudicouse, mediante procedemento aberto, o “*Subministro de diversos tipos de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade, durante o ano 2011*” (Exp.- PA 14-11 -Lotes 2 e 3-).



Para responder da execución deste contrato a empresa adxudicataria, BIOMÈRIEUX ESPAÑA, S.A. (CIF.- A-28664589), constituíu na Tesourería desta Deputación unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación deste contrato (IVE excluído), e que é a seguinte:

- 2.750,00 €, segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201100028460, de data 11 de abril de 2011.

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 17 de xaneiro de 2014, adxudicouse, mediante procedemento aberto, o “*Subministración de reactivos necesarios para o laboratorio da Finca Mouriscade*” (Expte. 2013000389 -Lotes 2,3 e 4-)

Para responder da execución deste contrato a empresa adxudicataria, BIOMÈRIEUX ESPAÑA, S.A. (CIF.- A-28664589), constituíu na Tesourería desta Deputación unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación deste contrato (IVE excluído), e que é a seguinte:

- 8.000,00 €, segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201400002564, de data 09 de xaneiro de 2014.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figuran informes emitidos polo Servizo de Contratación nos cales se informa que proceden as devolucións das fianzas depositadas ao transcorrer os prazos legalmente establecidos para elas sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución dos contratos.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación as constituicións por parte da empresa BIOMÈRIEUX ESPAÑA, S.A., dunhas garantías definitivas con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente ás devolucións das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación, sen que existan obrigas pendentes, dos contratos relativos a:

- o *Subministro de diversos tipos de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade, durante o ano 2011.* (Exp.- PA 14-11 -Lotes 2 e 3-).
- o *Subministración de reactivos necesarios para o laboratorio da Finca Mouriscade".* (Exp.- 2013000389 - Lotes 2,3 e 4-).

Segundo.- Proceder ás devolucións das garantías definitivas constituídas en valores, mediante aval de *CRÉDITO Y CAUCIÓN*, polos seguintes importes:

- o 2.750,00 € para responder do contrato de “*Subministro de diversos tipos de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade, durante o ano 2011*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 11/04/2011, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201100028460.
- o 8.000,00 € para responder do contrato de “*Subministración de reactivos necesarios para o laboratorio da Finca Mouriscade*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 09/01/2014, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201400002564.

28.31623.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

a) Vista a relación de facturas con número 2022024850 que contén tres facturas e por un importe de 3.577,08 € e con CSV: Y5A2JKXQ4SSFUBJF, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 12 de abril de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	3.577,08 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	3.577,08 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



b) Vista a relación de facturas con número 2022024853 que contén quince facturas e por un importe de 21.145,99 € e con CSV: 4OA6B5BP77HQO4G9, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 12 de abril de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	20.936,73€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	209,26 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	21.145,99€

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

29.31624.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES. (

Vista a relación de facturas con número 2022024847 que contén 1 factura e por un importe de 6.000,00 € e con CSV: 8D5ZGVE6NBZNLNPT, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 12 de abril de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	6.000,00 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	6.000,00 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



30.31625.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOC. CULTURAL BELLE ÉPOQUE CUNTIS DO CONCELLO DE CUNTIS Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “VIII FESTA BELLE ÉPOQUE CUNTIS”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 02/07/2021. (Expte. 2021020185)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 02/07/2021 unha subvención a favor da *Asoc. Cultural Belle Époque Cuntis* con CIF: G-94.180.734, do *Concello de Cuntis*, por un importe de 2.000,68 €, para a “VIII Festa Da Belle Époque Cuntis” con cargo á aplicación 21/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 04/04/2021 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

31.31626.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOC. DE VECIÑOS GALIÑEIRO DE VINCIOS DO CONCELLO DE GONDOMAR Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “FESTA DO/A SOCIO/A E DO/A VECIÑO”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 02/07/2021. (Expte. 2021017385)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 02/07/2021 unha subvención a favor da *Asoc. de Veciños Galiñeiro de Vincios* con CIF: G-36.650.059, do *Concello de Gondomar*, por un importe de 2.249,33 €, para a “Festa do/a socio/a e do/a veciño” con cargo á aplicación 21/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 04/04/2021 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

32.31627.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CLUB BOLOS SAN MIGUEL DE PEITIEIROS Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “5º TORNEO BOLOS CELTAS PEITIEIROS”. (Expte. 2021021320)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do *Club de Bolos San Miguel de Peitieiros* con NIF: G27753136, do *Concello de Gondomar*, por un importe de 201,42 €, para o “5º Torneo de bolos celtas peitieiros” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022021082 con data 08/04/22 do citado club renunciando á subvención pola súa imposibilidade de xustificación, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



33.31628.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CLUB +ENDURO MTB Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “IV ENDURO SERRA DO GALIÑEIRO”. (Expte.2021024903)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do +Enduro MTB con NIF: G27796556, do *Concello de Vigo*, por un importe de 661,80 €, para o “IV Enduro Serra do Galíñeiro” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022020845 con data 07/04/22 do citado club renunciando á subvención pola súa imposibilidade de xustificación, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

34.31629.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CLUB TRAIL RURAL UP Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “ÁMBITO INFERIOR A NACIONAL (MONTAÑISMO)” (Expte.2021016626)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 28 de maio de 2021 unha subvención a favor do *Club Trail Rural UP* con NIF: G76368976 do *Concello de Silleda*, por un importe de 277,58 €, para “Deporte federado ámbito inferior a nacional (Montañismo)” e con cargo á aplicación 21/340.3410.489.23, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022020088 con data 05/04/22 do citado club renunciando á subvención concedida ante a imposibilidade da súa xustificación, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

35.31630.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CLUB KICK&BOX SALCEDA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “ÁMBITO INFERIOR A NACIONAL (BOXEO)”. (Expte.2021015353)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 28 de maio de 2021 unha subvención a favor do *Club Kick&Box Salceda* con NIF: G94063633 do *Concello de Salceda de Caselas*, por un importe de 677,14 €, para “deporte federado ámbito inferior a nacional (Boxeo)” e con cargo á aplicación 21/340.3410.489.23, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022020087 con data 05/04/22 do citado club renunciando á subvención concedida ante a imposibilidade da súa xustificación, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



36.31631.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA FUNDACION CELTA DE VIGO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “ÁMBITO INFERIOR A NACIONAL (DEPORTE ADAPTADO)”. (Expte. 2021011642)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 28 de maio de 2021 unha subvención a favor da *Fundación Celta de Vigo* con NIF: G36810042 do *Concello de Vigo*, por un importe de 2.500,00 €, para “*Deporte federado ámbito inferior a nacional (Deporte adaptado)*” e con cargo á aplicación 21/340.3410.489.23, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022019884 con data 05/04/22 do citado club renunciando á subvención concedida ante a imposibilidade da súa xustificación, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

37.31632.- DAR CONTA E ACEPTAR RENUNCIA DO CLUB CAMBADOS TENIS DE MESA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “XLIV TORNEO DO ALBARIÑO – TENIS DE MESA”. (Expte. 2021023014)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do *Club Cambados tenis de mesa* con NIF: G36164267, do *Concello de Cambados*, por un importe de 330,90 €, para o “*XLIV Torneo do Albariño – Tenis de Mesa*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022021900 con data 12/04/2022 do citado club renunciando á subvención pola súa imposibilidade de xustificación, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

38.31633.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CD ATLÁNTIGAS Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “MARCHA ATLÁNTIGAS 2021”. (Expte. 2021023756)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do *Cd Atlántigas* con NIF: G27867571 do *Concello de Vigo*, por un importe de 1.005,37€, para a “*Marcha Atlántigas 2021*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022021982 con data 12/04/2022 do citado club renunciando á subvención polas restricións da COVID-19, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



39.31634.- APROBACIÓN DAS PRÓRROGAS DAS SUBVENCIÓNS DOS CONTRATOS EN PRÁCTICAS DAS EMPRESAS E CORPORACIÓNS SECTORIAIS SELECCIONADAS PARA PARTICIPAR COMO ENTIDADES COLABORADORAS NO PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” EN EMPRESAS E CORPORACIÓNS SECTORIAIS 2021. (Expte. 2020058280)

Na sesión da Xunta de Goberno celebrada o día 1 de outubro de 2021 (acordo nº 21.30846) aprobouse a concesión e desestimación de solicitudes do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “O teu primeiro emprego” en empresas e corporacións sectoriais 2021. No prazo de 10 días indicado nas bases para comunicar a aceptación da subvención das entidades colaboradoras, recibíronse un total de 14 renuncias de empresas e corporacións sectoriais e 6 renuncias de persoas beneficiarias.

En consecuencia, na sesión da Xunta de Goberno celebrada o día 26 de novembro de 2021 (acordo 20.31023) aprobouse a concesión a empresas e corporacións sectoriais da condición de entidades colaboradoras e de persoas beneficiarias por renuncias presentadas ademais de proceder á liberación do gasto daquelas que quedaron desertas por non dispoñer de persoas seleccionadas para cubrir ditos postos.

Do total das empresas seleccionadas unicamente 16 entidades colaboradoras comunicaron a formalización dos contratos coas persoas seleccionadas entre os meses de outubro, novembro e decembro, cumprindo todas elas coa data máxima de inicio da contratación segundo o establecido na base 2.5 das bases do programa.

As bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” nas empresas e corporacións sectoriais 2021 establece no punto 16.5 d que “*A prórroga da subvención por seis meses máis mencionada na base primeira, no se caso, deberá solicitarse antes da xustificación, durante o quinto mes do período subvencionable.*”

Na sesión da Xunta de Goberno celebrada o día 1 de abril de 2022 (acordo 25.31551) aprobouse a prórroga por seis meses máis de 6 das entidades colaboradoras que solicitaron a prórroga da subvención entre o 15 de febreiro de 2022 e o 14 de marzo 2022.

De acordo as bases e dentro do prazo mencionado, entre o 2 de marzo de 2022 e o 6 de abril, 3 entidades colaboradoras solicitaron a prórroga da subvención por seis meses máis, e unha vez verificadas as solicitudes procede a aprobación das mesmas.



Visto o informe-proposta do xefe de servizo de Promoción de Emprego de data 7 de abril 2022.
Vista a dilixencia de fiscalización e conforme de intervención en relación ao informe proposta do servizo de Promoción de Emprego de data 18 de abril 2022.

Por todo o exposto, e de conformidade co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais lexislación concordante de aplicación e nas bases de empresas e corporacións sectoriais e nas bases de selección das persoas beneficiarias do plan de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra denominado “O Teu Primeiro Emprego” en empresas e corporacións sectoriais 2021, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar as prórrogas das subvencións por seis meses máis das entidades e polas cantidades indicadas no Anexo I.

2º.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 22/240.2410.489.02.2021 polo importe total de 17.700,00€ e comprometer o gasto para cada unha das entidades que figuran como entidades colaboradoras e na contía que se relaciona no Anexo I.

3º.- Notificar e/ou publicar o correspondente acordo ás partes interesadas, no seu caso, segundo corresponda.

ANEXO I

PRORROGAS DAS SUBVENICÓN DAS EMPRESAS E CORPORACIÓN SECTORIAIS SELECCIONADA COMO ENTIDADES COLABORADORAS.					
Razón social entidade	Concello	Nº contratos	Nome titulación solicitada	Duración	Contía subvención
CENTRO DE DIA LEMBRANZAS SL	Vilagarcía de Arousa	1	DIPLOMATURA/GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL	6 meses	6.000,00€
INGENIERIA, GEOTECNIA Y CALIDAD SL	Lalín	1	GRAO EN ENXEÑERÍA DOS RECURSOS MINEIROS E ENERXÉTICOS/ENXEÑERÍA DE MINAS	6 meses	6.000,00€
SILICON DESARROLLOS TECNOLOGICOS SL	Lalín	1	CICLO SUPERIOR EN MÁRKETING E PUBLICIDADE	6 meses	5.700,00€
					17.700,00€



40.31635.- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 23/04/2021 (Nº 23.30232), POLO QUE SE CONCEDÍA AO CONCELLO DE A LAMA, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2020, UNHA SUBVENCIÓN CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO E AMPLIACIÓN DO EDIFICIO DO CONCELLO”, POR DESISTENCIA PARCIAL. (Expte. 2020054875)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión do día 29/11/2019, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020”, que recolle os procedementos para conceder subvencións a 59 municipios da provincia para financiar actuacións e investimentos, propostas que deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e as distintas das propias e as de delegación segundo o artigo 3 da lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. Ditas bases e o extracto da convocatoria publicouse no BOPPO nº 1, do 02/01/2020.

Mediante acordo da Xunta de Goberno núm.13.29704, de data 10/12/2020, concedeuse subvención, ao abeiro da liña 1 do POS/2020, por importe de 180.000,57 euros ao Concello de A Lama co obxecto do financiamento do investimento “Acondicionamento e ampliación do edificio do Concello de A Lama” (Expte.:2020054875), cun orzamento polo mesmo importe.

Mediante acordo da Xunta de Goberno núm.23.30232 de data 23/04/2021, modifícase o acordo de concesión por cambio de proxecto técnico. O novo proxecto non altera o importe da subvención pero modifícanse as partidas que o integran, de forma que 173.991,28 euros se destinarán a financiar execución material e 6.009,29 euros a honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

En data 24/03/2022, dentro do prazo establecido na convocatoria, ten entrada no rexistro da sede electrónica da Deputación, con núm.WEB2022015919, instancia do Concello de A Lama no que axunta a xustificación parcial do investimento “Acondicionamento e ampliación do edificio do Concello de A Lama” (Expte.:2020054875).

A xustificación parcial do investimento mencionado no parágrafo anterior comprende as certificacións de obra dende a número un ata a número seis por un importe global de 56.721,19 euros, así como factura de honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe de 2.109,20 euros, o que fai un total de 58.830,39 euros.



En data 30/03/2022 o Concello de A Lama, mediante rexistro WEB2022017852, remite a resolución de alcaldía núm.2022-0182 na que se resolve o contrato coa empresa OCISAT S.L., que foi a entidade adxudicataria para a realización do investimento “Acondicionamento e ampliación do edificio do Concello de A Lama” (Expte.:2020054875). A finalización do contrato débese a demora do cumprimento e incumprimento dos prazos establecidos.

Fundamentos xurídicos:

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea

Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2020, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia non competitiva.



Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para o vixente exercicio, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2020, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención.

Resolución do expediente:

- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.

A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.

- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2020, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e visto o informe da xefa do servizo de Cooperación de data 01/04/2022 que conclúen 05/04/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o acordo da Xunta de Goberno núm.23.30232, de data 23/04/2021, no sentido de modificar o importe da subvención concedida para a execución do investimento “*Acondicionamento e ampliación do edificio do Concello*” (Expte.:2020054875). O importe da subvención concedida era 173.991,28 euros de execución material e 6.009,29 euros de honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde, facendo un total de 180.000,57 euros. Como consecuencia da resolución do contrato coa empresa adxudicataria, solicítase a desistencia parcial da subvención, quedando a subvención en 58.830,39 euros.
- A diferenza entre a subvención concedida inicialmente e os 58.830,39 euros, 121.170,18 euros, quedará dispoñible na partida orzamentaria 2022/942.9425.762.45.2020 para novas propostas do Concello.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de A Lama*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia.

41.31636.- MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004168 “ALUMEADO EXTERIOR SOSTIBLE V: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DO ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE AGOLADA, BAIONA, BARRO, BUEU E CALDAS DE REIS”. (Expte. 2020024317)

No expediente consta o informe da Xefa do Servizo de Cooperación que literalmente se transcribe: “*Á vista da Resolución favorable de concesión da axuda polo IDAE con destino ao proxecto IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004168 “Alumeado exterior sostible V: renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de Agolada, Baiona, Barro, Buen e Caldas De Reis”, e co obxecto de solicitar a modificación da axuda concedida mediante Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2021015343 e data 17/06/2021 a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:*

I. *Antecedentes:*

- *Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d, a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.*



- *Que mediante Resolución presidencial número 2020000999 de data 11/06/2020, corrixida pola Resolución presidencial número 2021002030 de data 19/04/2021 a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004168 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE V: Renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de AGOLADA, BAIONA, BARRO, BUEU E CALDAS DE REIS” no marco da “Medida 6. Renovación das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior” definida no anexo I do Real decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións aos proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha Economía Baixa en Carbono, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014- 2020 (modificado polo Real Decreto 316/2019, de 26 de abril)
O 07/07/2020 preséntase ante o IDAE o citado proxecto “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE V: Renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de AGOLADA, BAIONA, BARRO, BUEU E CALDAS DE REIS”, asignándosele o rexistro núm. 202000007762. Tras a súa avaliación, en data 17/06/2021 (rexistro de entrada número: 2021015343) recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e se concede a subvención con cargo a FEDER por importe de 798.331,16 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-004168.*
- *O obxecto do proxecto consiste na mellora da eficiencia enerxética das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior dos Concellos. Con estas actuacións conseguirase un aforro estimado no consumo da enerxía eléctrica da instalación reformada en polo menos, un 30%.*
- *Na devandita resolución, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvese, entre outras, as seguintes cuestións:*

Importe da axuda concedida

Conceder a DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 798.331,16 €

Custe elixible admitido para o proxecto

O custe elixible admitido é o seguinte:

Municipio	Medida	Instalación	Inversión total admitida	Coste elixible admitido	*Coste subvencionable admitido	Axuda a outorgar (cofinanciación FEDER)
AGOLADA	Medida 6	Alumeado exterior Agolada	200.402,05	200.402,05	200.402,05	160.321,64
BAIONA	Medida 6	Alumeado exterior Baiona	190.638,55	190.638,55	190.638,55	152.510,84
BARRO	Medida 6	Alumeado exterior Barro	192.656,97	192.656,97	192.656,97	154.125,57
BUEU	Medida 6	Alumeado exterior Bueu	185.600,34	185.600,34	185.600,34	148.480,27
CALDAS DE REIS	Medida 6	Alumeado exterior Caldas de Reís	228.616,05	228.616,05	228.616,05	182.892,84
		Total	997.913,96	997.913,96	997.913,96	798.331,16



Aceptación da axuda.

De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen esta convocatoria, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.

Condicións e termos da concesión da axuda

Nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.

O prazo máximo para a conclusión das actuacións acoillidas á convocatoria é o 31 de xullo de 2023, a cuxo efecto deberá achegarse un certificado final de obra, onde conste dita data, asinado polo técnico competente, todo iso salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirregional de España 2014-2020 (POPE) para o ano 2023.

- Neste sentido e conforme ao recollido no artigo 214 do TRLRFL, a Intervención da Deputación de Pontevedra o 25/06/2021 emitiu informe favorable previo á aceptación da axuda concedida, indicando que “corresponde á Xunta de Goberno, en aplicación da base número 16 das aprobadas para a execución do vixente orzamento
- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 02 de xullo de 2021, adoptou, entre outros, o acordo número 9.30506 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004168 “Renovación das instalacións do alumeadado exterior dos municipios de Agolada, Baiona, Barro, Buen e Caldas de Reis” (expte. 2020024317).
- O 14/10/2021 presentouse a través da plataforma web do IDAE a documentación acreditativa do inicio de tramitación dos contratos necesarios para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004168 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE V: Renovación das instalacións do alumeadado exterior dos municipios de AGOLADA, BAIONA, BARRO, BUEU E CALDAS DE REIS”.
- Posteriormente a Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 08 de outubro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo 9.30861 de aprobación de expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do “servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626”, que conta con cofinanciamento do 80% do FEDER A través da convocatoria de axudas do IDAE. (Expte. 2021040008)”.



- *O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación (Plataforma de Contratación do Sector Público na data 13/10/2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.*
- *Finalizado o prazo para a presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa sesión de data 18/11/2021 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa. A continuación, procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas.*
- *Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado para o conxunto dos proxectos que integran o lote 2 do contrato, polo que se lle require xustificación.*
- *Achegada a documentación requirida, o servizo de Cooperación, mediante informe de data 28 de decembro do 2021, considera que a xustificación presentada pola empresa xustifica de forma correcta a súa oferta económica, polo que propuxo á Mesa de Contratación que fora admitida. Dilatándose no tempo os trámites de adxudicación.*
- *Finalmente o día 03/03/2022 publícase na Plataforma de Contratación do Sector Público o anuncio de formalización dos 5 lotes do contrato de “Servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE núm FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626” a favor da empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028).*
- *A empresa adxudicataria ten un prazo máximo de (2) dous meses para a redacción dos proxectos correspondentes ás actuacións dos expedientes IDAE mencionados. Unha vez entregados os proxectos por parte da empresa adxudicataria, a Deputación estará en disposición de iniciar o procedemento de contratación para a execución das obras necesarias. Adxudicado o procedemento, a Deputación poderá acreditar a formalización das contratacións ante o IDAE.*
- *A pesar de iniciarse o procedemento de dentro do prazo, a súa formalización acumulou incidencias debido á necesidade de xustificar por parte do licitador un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado nun dos lotes, que non permitiron formalizar os correspondentes contratos administrativos e, consecuentemente, iniciar os traballos necesarios para a redacción dos proxectos e a dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004168 que a súa vez son necesarios para licitar a execución das obras.*
- *Ante esta circunstancia imprevista, coa fin de garantir o deber do beneficiario de acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo máximo de (1) un ano, regulado no 13.8. b do Real Decreto 616/2017, en (6) seis meses adicionais; sendo deste xeito o 17/12/2022 a data máxima para realizar o citado trámite de acreditación ante o IDAE da formalización dos contratos relativos á execución das actuacións do proxecto FEDER-EELL-2020-004168.*



II. Fundamentación xurídica:

Normativa examinada

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Real Decreto 616/2017)
- Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

Consideracións xurídicas:

Competencia:

- O artigo 13.8. b do Real Decreto 616/2017 que establece que nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario debe acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.
- De conformidade co previsto o artigo 14 do Real Decreto 616/2017, as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS. A modificación da resolución haberá de ser solicitada polo beneficiario antes de que conclúa o prazo para a realización da actuación subvencionable e a decisión sobre a aceptación ou non da devandita solicitude de modificación corresponderá ao Director Xeral do IDAE, que ditará a correspondente resolución estimando ou desestimando a modificación solicitada. No caso de estimarse a modificación solicitada, a resolución conterá o contido mínimo establecido no artigo 13.5, resultando aplicables, igualmente, as previsións contidas respecto á aceptación do beneficiario no apartado 7 do mesmo precepto.



- De conformidade co artigo 64 Real do Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, se concorren as circunstancias previstas a tales efectos nas bases reguladoras, tal como establece o artigo 17.3 l) da Lei, que se poderá autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Tendo en conta o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.
- Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.
- Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLGSL, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.
- Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que á Deputación lle compete a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.
- Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en todos os concellos a iluminación pública.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.

Resolución do expediente:

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición de diñeiro entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se establecerán.



- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*
- *Artigo 14 do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS.*

III.- Conclusións:

O proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004168 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE V: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE AGOLADA, BAIONA, BARRO, BUEU E CALDAS DE REIS” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación coa fin de mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de alumeados, iluminación e sinalización exterior dos concellos. Con esta actuación conseguírase un aforro estimado no consumo do 30%.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 8 de outubro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo 9.30861 de aprobación de expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto da obra “servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626”. Finalizado o prazo para a presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa sesión de data 18/11/2021 comprobou que a proposta da empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado para o conxunto dos proxectos que integran o lote 2 do contrato.

O día 03/03/2022 publicase na Plataforma de Contratación do Sector Público o anuncio de formalización dos 5 lotes do contrato citado no parágrafo anterior á empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028). A empresa adxudicataria ten un prazo máximo de (2) dous meses para a redacción dos proxectos correspondentes as actuacións dos expedientes IDAE mencionados

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución do citado proxecto é necesario a ampliación do prazo máximo de (1) un ano desde a data de notificación da resolución de concesión da axuda, na que o beneficiario debe acreditar a formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto da axuda regulado no artigo 13.8.b del Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, modificado polo Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, en (6) seis meses adicionais; sendo de este modo a data máxima para acreditar a formalización o 17/12/2022.



Esta ampliación de (6) meses solo afecta ao trámite de xustificación da formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións do citado expediente, manténdose invariable o prazo máximo para a conclusión das actuacións que será o 31/07/2023.

En consecuencia a solicitude de ampliación é previa á finalización de ambos prazos máximos, tanto do prazo para acreditar a formalización dos contratos como do prazo máximo establecido para a execución das actuacións recollidas no proxecto.

Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do prazo para acreditar a formalización dos contratos para a execución das actuacións recollidas no proxecto IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004168 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE V: renovación das instalacións do alumeadado exterior dos municipios de AGOLADA, BAIONA, BARRO, BUEU E CALDAS DE REIS” non constitúe un prexuízo a terceiros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004168 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE V: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DO ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE AGOLADA, BAIONA, BARRO, BUEU E CALDAS DE REIS”.

IV. Réxime competencial:

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefa do servizo de Cooperación

(documento asinado electronicamente á marxe)

Marina Piñeiro Novo”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación do 07/04/2022, e da Intervención Provincial de data 11/04/2022, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

- Solicitar ao *Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE)* a modificación do prazo máximo de (1) un ano, desde a notificación da resolución de concesión da axuda, para acreditar que se formalizaron as contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda ao proxecto denominado IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004168 “*Iluminación exterior sostible V:*



renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de Agolada, Baiona, Barro, Buen e Caldas de Reis”, cuxo vencemento é 17/06/2022, en (6) seis meses adicionais; ampliándose deste xeito o prazo máximo para acreditar a devandita formalización ao 17/12/2022.

- Darlle traslado do presente acordo ao *Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE)*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación cos Municipios e ao Gabinete de Presidencia

42.31637.- MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004515 “ALUMEADO EXTERIOR SOSTIBLE VII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE MARÍN, MEAÑO, MEIS E MONDARIZ-BALNEARIO”. (Expte. 2020030054)

No expediente consta o informe da Xefa do Servizo de Cooperación que literalmente se transcribe: “Á vista da Resolución favorable de concesión da axuda polo IDAE con destino ao proxecto IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004515 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VII: renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de MARÍN, MEAÑO, MEIS E MONDARIZ-BALNEARIO”, e co obxecto de solicitar a modificación da axuda concedida mediante Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2021012306 e data 14/05/2021 e modificada en data 19/08/2021 con número de rexistro 202100008319, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

I. Antecedentes:

- Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d, a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.
- Que mediante Resolución presidencial número 2020001874 e data de 31/07/2020, corrixida pola Resolución presidencial número 2021001160 e data 26/02/2021 a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas co título “Iluminación exterior sostible VII” no marco da “Medida 6. Renovación das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior” definida no anexo I do Real decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións aos proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha Economía Baixa en Carbono, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020 (modificado polo Real Decreto 316/2019, de 26 de abril).
- En data 04/09/2020 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado “Iluminación exterior sostible VII”, asignándosele o rexistro núm. 202000010198 Tras a súa avaliación, en data 14/05/2021 (Rexistro de entrada número: 2021012306) recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e se concede a subvención con cargo a FEDER por importe de 768.995,59 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-004515.



- En data 20/04/2021, co núm. de rexistro 2021009490 consta entrada na Deputación do escrito da alcaldía do concello de A Lama, polo que se desiste á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimento arriba referido como consecuencia de circunstancias sobrevidas e non previsibles no momento da aprobación do Acordo de adhesión ao proxecto por Decreto de alcaldía en data 20/11/2019. Posteriormente, en data 21/06/2021 e rexistro de entrada número WEB2021026323 o Concello presenta un escrito de Alcaldía explicando que os motivos da renuncia son haber solicitado unha subvención ou axuda, para a mesma actuación ou finalidade. A renuncia polo Concello da Lama supón unha modificación do proxecto, que implica unha minoración do conxunto do proxecto en 143.417,02€, das achegas tanto do IDAE_FEDER en menos 114.733,61€ e do cofinanciamento da Deputación en menos 14.341,70€.
- En data 25/06/2021, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria adoptou, entre outros, o acordo núm. 26.30494 de desistencia do concello de A Lama á subvención concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) o proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004515 “Iluminación Exterior Sostible VII: Renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de A Lama, Marín, Meaño, Meis e Mondariz- Balneario” e a axuda concedida pola Deputación ao seu abeiro ó concello de A Lama mediante o acordo número 23.30888 adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria de 04/06/2021.
- En data 24/06/2021 apróbase mediante Resolución Presidencial núm. RP2021003740 a “Modificación do proxecto singular denominado “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VII (Renovación das instalacións de iluminación exterior dos municipios de: Marín, Meaño, Meis e Mondariz – Balneario)” para a súa presentación ás subvencións que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono do Instituto de Diversificación e Aforro Enerxético (IDAE)”.
- Con data 05/07/2021, ao amparo do artigo 14 do RD 616/2017, do 16 de xuño, a Deputación de Pontevedra solicita ao IDAE a modificación das condicións iniciais de concesión de axuda. Finalmente mediante Resolución do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2021019366 e data 19/08/2021 considérase FAVORABLE a modificación presentada sobre a concesión da axuda polo IDAE con destino ao proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004515 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE, MARÍN, MEAÑO, MEIS E MONDARIZ-BALNEARIO”.
- Finalmente mediante Resolución do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2021019366 e data 19/08/2021 considérase FAVORABLE a modificación presentada sobre a concesión da axuda polo IDAE con destino ao proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004515 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE MARÍN, MEAÑO, MEIS E MONDARIZ-BALNEARIO”. O custe total modificado elixible cuantifícase en 817.827,50 € e a subvención total outorgada con cargo ao FEDER é de 654.261,98 euros.
- O obxecto do proxecto consiste na mellora da eficiencia enerxética das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior dos Concellos. Con estas actuacións conseguirase un aforro estimado no consumo da enerxía eléctrica da instalación reformada en polo menos, un 30%.



- Na devandita resolución, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvese, entre outras, as seguintes cuestións:

Importe da axuda concedida

Conceder a DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 654.261,98€

Custe elixible admitido para o proxecto

O custe elixible admitido é o seguinte:

Municipio	Medida	Instalación	Inversión total admitida	Coste elixible admitido	*Coste subvencionable admitido	Axuda a outorgar (cofinanciación FEDER)
MARÍN	Medida 6	Alumeado exterior Marín	244.910,46	244.910,46	244.910,46	195.928,36
MEAÑO	Medida 6	Alumeado exterior Meaño	210.243,78	210.243,78	210.243,78	168.195,02
MEIS	Medida 6	Alumeado exterior Meaño	199.463,25	199.463,25	199.463,25	159.570,60
MONDARIZ-BALNEARIO	Medida 6	Alumeado exterior Mondariz-Balneario	163.210,01	163.210,01	163.210,01	130.568,00
		Total	817.827,50	817.827,50	817.827,50	654.261,98

Aceptación da axuda.

De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen esta convocatoria, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.

Condicións e termos da concesión da axuda

Nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.



O prazo máximo para a conclusión das actuacións acollidas á convocatoria é o 31 de xullo de 2023, a cuxo efecto deberá achegarse un certificado final de obra, onde conste dita data, asinado polo técnico competente, todo iso salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirregional de España 2014-2020 (POPE) para o ano 2023.

- *Neste sentido e conforme ao recollido no artigo 214 do TRLRFL, a Intervención da Deputación de Pontevedra o 30/8/2021 emitiu informe favorable previo á aceptación da axuda concedida, indicando que “corresponde á Xunta de Goberno, en aplicación da base número 16 das aprobadas para a execución do vixente orzamento*
- *A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 03 de setembro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo número 17.30735 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004515 “Renovación das instalacións do alumeadado exterior dos municipios de MARÍN, MEAÑO, MEIS E MONDARIZ-BALNEARIO” (expte. 2020030054).*
- *O 14/10/2021 presentouse a través da plataforma web do IDAE a documentación acreditativa do inicio de tramitación dos contratos necesarios para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004515 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VII: Renovación das instalacións do alumeadado exterior dos municipios de MARÍN, MEAÑO, MEIS E MONDARIZ-BALNEARIO”.*
- *Posteriormente a Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 08 de outubro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo 9.30861 de aprobación de expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do “servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626”, que conta con cofinanciamento do 80% do FEDER A través da convocatoria de axudas do IDAE. (Expte. 2021040008)”.*
- *O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación (Plataforma de Contratación do Sector Público na data 13/10/2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.*
- *Finalizado o prazo para a presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa sesión de data 18/11/2021 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa. A continuación, procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas. Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado para o conxunto dos proxectos que integran o lote 2 do contrato, polo que se lle require xustificación.*



- Finalmente o día 03/03/2022 publicase na Plataforma de Contratación do Sector Público o anuncio de formalización dos 5 lotes do contrato de “Servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626” a favor da empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028). A empresa adxudicataria ten un prazo máximo de (2) dous meses para a redacción dos proxectos correspondentes as actuacións dos expedientes IDAE mencionados.
- A pesar de iniciarse o procedemento de dentro do prazo a súa formalización acumulou incidencias, debido a necesidade de xustificar por parte do licitador un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado nun dos lotes, que non permitiron formalizar os correspondentes contratos administrativos e, consecuentemente, iniciar os traballos necesarios para a redacción dos proxectos e a dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004515.
- Ante esta circunstancia imprevista, coa fin de garantir o deber do beneficiario de acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo máximo de (1) un ano, regulado no 13.8. b do Real Decreto 616/2017, en (6) seis meses adicionais; sendo deste xeito o 14/11/2022 a data máxima para realizar o citado trámite de acreditación ante o IDAE da formalización dos contratos relativos á execución das actuacións do proxecto FEDER-EELL-2020-004515.

II. Fundamentación xurídica:

Normativa examinada

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Real Decreto 616/2017)
- Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.



*Consideracións xurídicas**Competencia:*

- *O artigo 13.8. b do Real Decreto 616/2017 que establece que nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario debe acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.*
- *De conformidade co previsto o artigo 14 do Real Decreto 616/2017, as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS. A modificación da resolución haberá de ser solicitada polo beneficiario antes de que conclúa o prazo para a realización da actuación subvencionable e a decisión sobre a aceptación ou non da devandita solicitude de modificación corresponderá ao Director Xeral do IDAE, que ditará a correspondente resolución estimando ou desestimando a modificación solicitada. No caso de estimarse a modificación solicitada, a resolución conterá o contido mínimo establecido no artigo 13.5, resultando aplicables, igualmente, as previsións contidas respecto á aceptación do beneficiario no apartado 7 do mesmo precepto.*
- *De conformidade co artigo 64 Real do Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, se concorren as circunstancias previstas a tales efectos nas bases reguladoras, tal como establece o artigo 17.3 l) da Lei, que se poderá autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.*
- *Tendo en conta o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLGS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*
- *Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que á Deputación lle compete a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.*
- *Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en todos os concellos a iluminación pública.*



Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*

Resolución do expediente:

- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición de diñeiro entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se establecerán.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*
- *Artigo 14 do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS.*

III.- Conclusións:

O proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004515 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE MARÍN, MEAÑO, MEIS E MONDARIZ-BALNEARIO” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación coa fin de mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior dos concellos. Con esta actuación conseguirase un aforro estimado no consumo do 30%.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 8 de outubro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo 9.30861 de aprobación de expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto da obra “servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e



FEDER-EELL-2020-004626". Finalizado o prazo para a presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa sesión de data 18/11/2021 comprobou que a proposta da empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado para o conxunto dos proxectos que integran o lote 2 do contrato.

O día 03/03/2022 publicase na Plataforma de Contratación do Sector Público o anuncio de formalización dos 5 lotes do contrato citado no parágrafo anterior á empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028). A empresa adxudicataria ten un prazo máximo de (2) dous meses para a redacción dos proxectos correspondentes as actuacións dos expedientes IDAE mencionados

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución do citado proxecto é necesario a ampliación do prazo máximo de (1) un ano desde a data de notificación da resolución de concesión da axuda, na que o beneficiario debe acreditar a formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto da axuda regulado no artigo 13.8.b del Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, modificado polo Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, en (6) seis meses adicionais; sendo de este modo a data máxima para acreditar a formalización o 14/11/2022.

Esta ampliación de (6) meses solo afecta ao trámite de xustificación da formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións do citado expediente, manténdose invariable o prazo máximo para a conclusión das actuacións que será o 31/07/2023.

En consecuencia a solicitude de ampliación é previa á finalización de ambos prazos máximos, tanto do prazo para acreditar a formalización dos contratos como do prazo máximo establecido para a execución das actuacións recollidas no proxecto.

Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do prazo para acreditar a formalización dos contratos para a execución das actuacións recollidas no proxecto IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004515 "ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VII: renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de MARÍN, MEAÑO, MEIS E MONDARIZ-BALNEARIO" non constitúe un prexuízo a terceiros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004515 "ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE MARÍN, MEAÑO, MEIS E MONDARIZ-BALNEARIO".



IV. Réxime competencial:

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefa do servizo de Cooperación

(documento asinado electronicamente á marxe)

Marina Piñeiro Novo”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación do 08/04/2022, e da Intervención Provincial de data 11/04/2022, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

- Solicitar ao *Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía* (IDAE) a modificación do prazo máximo de (1) un ano, desde a notificación da resolución de concesión da axuda, para acreditar que se formalizaron as contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda ao proxecto denominado IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004515 “*Alumeado Exterior Sostible VII: Renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de Marín, Meaño, Meis e Mondariz-Balneario*”, cuxo vencemento é 19/08/2022, en (6) seis meses adicionais; ampliándose deste xeito o prazo máximo para acreditar a devandita formalización ao 14/11/2022.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía* (IDAE), a Intervención, ao Servizo de Cooperación cos Municipios e ao Gabinete de Presidencia.

43.31638.- MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004530 “ALUMEADO EXTERIOR SOSTIBLE VIII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE MONDARIZ, MORANÑA, MOS, POIO E PONTE CALDELAS”. (Expte. 2020026706)

No expediente consta o informe da Xefa do Servizo de Cooperación que literalmente se transcribe: “*Á vista da Resolución favorable de concesión da axuda polo IDAE con destino ao proxecto IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004530 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VIII: renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de MONDARIZ, MORANÑA, MOS, POIO E PONTE CALDELAS”, e co obxecto de solicitar a modificación da axuda concedida mediante Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2021016145 e data 29/06/2021 a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:*



I. Antecedentes:

- *Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d, a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.*
- *Que mediante Resolución presidencial número 2020001235 de data 23/06/2020, corrixida pola Resolución presidencial número 2020002816 de data 28/09/2020 a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto IDAE núm.FEDER-EELL-2020-004530 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VIII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE MONDARIZ, MORAÑA, MOS, POIO E PONTE CALDELAS” no marco da “Medida 6. Renovación das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior” definida no anexo I do Real decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións aos proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha Economía Baixa en Carbono, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020 (modificado polo Real Decreto 316/2019, de 26 de abril)*
- *En data 07/07/2020 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado “Iluminación exterior sostible VIII: Renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Mondariz, Moraña, Mos, Poio e Ponte Caldelas”, asignándosele o rexistro núm. 202000007761. Tras a súa avaliación, en data 29/06/2021 (Rexistro de entrada número: 2021016145) recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e se concede a subvención con cargo a FEDER por importe de 614.224,12 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-004530.*
- *O obxecto do proxecto consiste na mellora da eficiencia enerxética das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior dos Concellos. Con estas actuacións conseguirase un aforro estimado no consumo da enerxía eléctrica da instalación reformada en polo menos, un 30%.*
- *Na devandita resolución, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvese, entre outras, as seguintes cuestións:*

Importe da axuda concedida

Conceder a DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 614.224,12 €



Custe elixible admitido para o proxecto

O custe elixible admitido é o seguinte:

Municipio	Medida	Instalación	Inversión total admitida	Coste elixible admitido	*Coste subvencionable admitido	Axuda a outorgar (cofinanciaión FEDER)
Mondariç	Medida 6	Alumeado exterior Mondariç	141.257,78	141.257,78	141.257,78	113.006,22
Moraña	Medida 6	Alumeado exterior Moraña	138.378,80	138.378,80	138.378,80	110.703,04
Mos	Medida 6	Alumeado exterior Mos	95.600,92	95.600,92	95.600,92	76.480,73
Poio	Medida 6	Alumeado exterior Poio	203.578,32	203.578,32	203.578,32	162.862,65
Ponte Caldelas	Medida 6	Alumeado exterior Ponte Caldelas	188.964,36	188.964,36	188.964,36	151.171,48
		Total	767.780,18	767.780,18	767.780,18	614.224,12

Aceptación da axuda.

De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen esta convocatoria, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instructor, facendo referencia á notificación recibida.

Condicións e termos da concesión da axuda

Nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato. O prazo máximo para a conclusión das actuacións aollidas á convocatoria é o 31 de xullo de 2023, a cuxo efecto deberá achegarse un certificado final de obra, onde conste dita data, asinado polo técnico competente, todo iso salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirregional de España 2014-2020 (POPE) para o ano 2023.

- Neste sentido e conforme ao recollido no artigo 214 do TRLRFL, a Intervención da Deputación de Pontevedra o 02/07/2021 emitiu informe favorable previo á aceptación da axuda concedida, indicando que “corresponde á Xunta de Goberno, en aplicación da base número 16 das aprobadas para a execución do vixente orzamento.



- *A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 09 de xullo de 2021, adoptou, entre outros, o acordo número 15.30534 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004530 “Renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de MONDARIZ, MORANÑA, MOS, POIO E PONTE CALDELAS” (expte. 2020026706).*
- *O 14/10/2021 presentouse a través da plataforma web do IDAE a documentación acreditativa do inicio de tramitación dos contratos necesarios para a execución das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004530 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VIII: Renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de MONDARIZ, MORANÑA, MOS, POIO E PONTE CALDELAS”.*
- *Posteriormente a Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 08 de outubro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo 9.30861 de aprobación de expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto do “servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626”, que conta con cofinanciamento do 80% do FEDER A través da convocatoria de axudas do IDAE. (Expte. 2021040008)”.*
- *O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación (Plataforma de Contratación do Sector Público na data 13/10/2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.*
- *Finalizado o prazo para a presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa sesión de data 18/11/2021 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa. A continuación, procedeu á apertura dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas.*
- *Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado para o conxunto dos proxectos que integran o lote 2 do contrato, polo que se lle require xustificación.*
- *Achegada a documentación requirida, o servizo de Cooperación, mediante informe de data 28 de decembro do 2021, considera que a xustificación presentada pola empresa xustifica de forma correcta a súa oferta económica, polo que propuxo á Mesa de Contratación que fora admitida. Dilatándose no tempo os trámites de adxudicación.*
- *Finalmente o día 03/03/2022 publícase na Plataforma de Contratación do Sector Público o anuncio de formalización dos 5 lotes do contrato de “Servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626” a favor da empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028).*



- *A empresa adjudicataria ten un prazo máximo de (2) dous meses para a redacción dos proxectos correspondentes ás actuacións dos expedientes IDAE mencionados. Unha vez entregados os proxectos por parte da empresa adjudicataria, a Deputación estará en disposición de iniciar o procedemento de contratación para a execución das obras necesarias. Adjudicado o procedemento, a Deputación poderá acreditar a formalización da contratación ante o IDAE.*
- *A pesar de iniciarse o procedemento de dentro do prazo a súa formalización acumulou incidencias, debido a necesidade de xustificar por parte do licitador un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado nun dos lotes, que non permitiron formalizar os correspondentes contratos administrativos e, consecuentemente, iniciar os traballos necesarios para a redacción dos proxectos e a dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004530 que a súa vez son necesarios para licitar a execución das obras.*
- *Ante esta circunstancia imprevista, coa fin de garantir o deber do beneficiario de acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo máximo de (1) un ano, regulado no 13.8. b do Real Decreto 616/2017, en (6) seis meses adicionais; sendo deste xeito o 29/12/2022 a data máxima para realizar o citado trámite de acreditación ante o IDAE da formalización dos contratos relativos á execución das actuacións do proxecto FEDER-EELL-2020-004530.*

II. Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- *Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Real Decreto 616/2017)*
- *Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.*



*Consideraciónes xurídicas:**Competencia:*

- *O artigo 13.8. b do Real Decreto 616/2017 que establece que nun prazo máximo de (1) un ano desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario debe acreditar que se formalizaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.*
- *De conformidade co previsto o artigo 14 do Real Decreto 616/2017, as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS. A modificación da resolución haberá de ser solicitada polo beneficiario antes de que conclúa o prazo para a realización da actuación subvencionable e a decisión sobre a aceptación ou non da devandita solicitude de modificación corresponderá ao Director Xeral do IDAE, que ditará a correspondente resolución estimando ou desestimando a modificación solicitada. No caso de estimarse a modificación solicitada, a resolución conterá o contido mínimo establecido no artigo 13.5, resultando aplicables, igualmente, as previsións contidas respecto á aceptación do beneficiario no apartado 7 do mesmo precepto.*
- *De conformidade co artigo 64 Real do Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, se concorren as circunstancias previstas a tales efectos nas bases reguladoras, tal como establece o artigo 17.3 l) da Lei, que se poderá autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.*
- *Tendo en conta o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLGS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*
- *Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que á Deputación lle compete a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.*
- *Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en todos os concellos a iluminación pública.*



Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*

Resolución do expediente:

- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición de diñeiro entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se establecerán.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*
- *Artigo 14 do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS.*

III.- Conclusións:

O proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004530 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VIII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE MONDARIZ, MORANÑA, MOS, POIO E PONTE CALDELAS” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación coa fin de mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior dos concellos. Con esta actuación conseguirase un aforro estimado no consumo do 30%.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 8 de outubro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo 9.30861 de aprobación de expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto da obra “servizo de asistencia técnica para a redacción dos proxectos e dirección de obras de renovación das instalacións de iluminación exterior dos proxectos IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004168, FEDER-EELL-2020-004561, FEDER-EELL-2020-004515, FEDER-EELL-2020-004530 e FEDER-EELL-2020-004626”. Finalizado o prazo para a presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na



súa sesión de data 18/11/2021 comprobou que a proposta da empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado para o conxunto dos proxectos que integran o lote 2 do contrato.

O día 03/03/2022 publicase na Plataforma de Contratación do Sector Público o anuncio de formalización dos 5 lotes do contrato citado no parágrafo anterior á empresa LETTER INGENIEROS, S.L. (CIF: B-19.522.028). A empresa adxudicataria ten un prazo máximo de (2) dous meses para a redacción dos proxectos correspondentes as actuacións dos expedientes IDAE mencionados

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución do citado proxecto é necesario a ampliación do prazo máximo de (1) un ano desde a data de notificación da resolución de concesión da axuda, na que o beneficiario debe acreditar a formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto da axuda regulado no artigo 13.8.b del Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, modificado polo Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, en (6) seis meses adicionais; sendo de este modo a data máxima para acreditar a formalización o 29/12/2022.

Esta ampliación de (6) meses solo afecta ao trámite de xustificación da formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións do citado expediente, manténdose invariable o prazo máximo para a conclusión das actuacións que será o 31/07/2023.

En consecuencia a solicitude de ampliación é previa á finalización de ambos prazos máximos, tanto do prazo para acreditar a formalización dos contratos como do prazo máximo establecido para a execución das actuacións recollidas no proxecto.

Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do prazo para acreditar a formalización dos contratos para a execución das actuacións recollidas no proxecto IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004530 "ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VIII: renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de MONDARIZ, MORÑA, MOS, POIO E PONTE CALDELAS" non constitúe un prexuízo a terceiros.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a MODIFICACIÓN DO PRAZO DE FORMALIZACIÓN DAS CONTRATACIÓNS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004530 "ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE VIII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE MONDARIZ, MORÑA, MOS, POIO E PONTE CALDELAS".

IV. Réxime competencial:

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

A xefa do servizo de Cooperación
(documento asinado electronicamente á marxe)
Marina Piñeiro Novo"



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación do 07/04/2022, e da Intervención Provincial de data 11/04/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Solicitar ao *Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía* (IDAE) a modificación do prazo máximo de (1) un ano, desde a notificación da resolución de concesión da axuda, para acreditar que se formalizaron as contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda ao proxecto denominado IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004530 “*Alumeado exterior sostible VIII: renovación das instalacións do alumeado exterior dos municipios de Mondariz, Moraña, Mos, Poio e Ponte Caldelas*”, cuxo vencemento é 29/06/2022, en (6) seis meses adicionais; ampliándose deste xeito o prazo máximo para acreditar a devandita formalización ao 29/12/2022.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía* (IDAE), a Intervención, ao Servizo de Cooperación cos Municipios e ao Gabinete de Presidencia.

44.31639.- CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO RELATIVO Á “SOLICITUDE Á DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO DO APOIO PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS DE XESTIÓN CATASTRAL DEFINIDOS NO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL”. (Expte. 2022004295)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 4 de marzo de 2022 e 18 de marzo de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo e a súa corrección de erros, respectivamente:

“18.31395.- SOLICITUDE Á DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO, PARA APOIO Á REALIZACIÓN DOS “TRABALLOS DE XESTIÓN CATASTRAL DEFINIDOS NO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL”.

 (Expte.2022004295)”

Detectados novos erros aritméticos no contido acordo compre efectuar a seguinte corrección en base ao establecido no artigo 109 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas que dispón que as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.



Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

UNICO.- Corrixir os erros detectados nos acordos de 4 e 18 de marzo de 2022 relativo a “18.31395.- SOLICITUDE Á DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO, PARA APOIO Á REALIZACIÓN DOS “TRABALLOS DE XESTIÓN CATASTRAL DEFINIDOS NO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL”. (Expte.2022004295)” de tal forma que, na parte expositiva onde pon:

“O Custo global máximo estimado que correspondera soportar esta Deputación –ORAL no actual exercicio ,calculado sobre a base das tarifas aprobadas na por resolución da Subsecretaria de Facenda de data 03/09/2020 e non suxeitas a IVE, ascende a un total del 179.951,25, segundo o seguinte desglose:

Expedientes xurídicos	Tarifa	Prezo	Inmobles estimados	Prezo total
Inmuble alterado	A1	8,50 €	350	2.975,00 €
Sen alteración	A2	4,50 €	300	1.350,00 €
Subsanacións -expedientes	A3	12,75 €	200	2.550,00 €
Subsanacións - Inmobles	A3	8,50 €	100	850,00 €
Recursos - expedientes	A4	17,00 €	100	1.700,00 €
Recursos - inmobles	A4	8,50 €	30	255,00 €
Expedientes físicos (sen desprazamento)				
Cambios de uso	B1	8,50 €	100	850,00 €
Alteracións físicas -expediente	B2	38,39 €	1300	49.907,00 €
1-2 inmobles	B2	16 €	1200	19.200,00 €
3-10 inmobles	B2	14,77 €	150	2.215,50 €
11-25 inmobles	B2	13,67 €	25	341,75 €
26-50 inmobles	B2	13,16 €	25	329,00 €
Más de 50 inmobles	B2	4,63 €	10	46,30 €
Recursos de reposición	B3	32,00 €	50	1.600,00 €
Expedientes físicos (con desprazamento)				
Alteracións físicas -expediente	C1	60,00 €	1000	60.000,00 €
2-3 inmobles	C1	20,32 €	750	15.240,00 €
4-10 inmobles	C1	19,18 €	50	959,00 €
11-25 inmobles	C1	17,86 €	30	535,80 €
26-50 inmobles	C1	17,24 €	15	258,60 €
Más de 50 inmobles	C1	4,63 €	10	46,30 €
Piscinas	C2	25,00 €	50	1.250,00 €



Traballos específicos				
Errores básicos de cruce/solapes	D1	5,00 €	50	250,00 €
Errores complexos de cruce/solapes	D2	12,00 €	50	600,00 €
Obtención de cartografía continua con alteración	D3.1	33,15 €	30	994,50 €
Obtención de cartografía continua sen alteración	D3.2	16,70 €	25	417,50 €
Comunicacións	D4	10,00 €	100	1.000,00 €
Depuración de callejeros con relación de inmoables	D9.1	0,95 €	500	475,00 €
Depuración de callejeros sen relación de inmoables	D9.2	1,70 €	150	255,00 €
Atención ó público	E1.1	27,00 €	500	13.500,00 €

Deber poñer:

“O Custo global máximo estimado que correspondera soportar esta Deputación –ORAL no actual exercicio ,calculado sobre a base das tarifas aprobadas na por resolución da Subsecretaría de Facenda de data 03/09/2020 e non suxeitas a IVE, ascende a un total del 179.946,67, segundo o seguinte desglose:

OBXECTO	Tarifa	Concepto	Prezo exp.	Prezo inm.	Nº exp.	Nº inm.	Total por exped.	Total por inm.	TOTAL
Expedientes de alteracións de titularidade (R/U) resoltos	A1	901 CON CAMBIO	0,00 €	8,50 €	233	350	0,00 €	2.975,00 €	2.975,00 €
Alteracións xurídicas (R/U) resoltas sen alteración	A2	901 SEN CAMBIO	4,50 €	0,00 €	266		1.197,00 €	0,00 €	1.197,00 €



Emendas de discrepancias ou rectificacións que afecten á titularidade (prezo por expediente inclúe o primeiro inmovible)	A3	DICF/COEF	12,75 €	8,50 €	250	25	3.187,50 €	212,50 €	3.400,00 €
Recursos que afecten á titularidade (prezo por expediente inclúe o primeiro inmovible)	A4	RECJ	17,00 €	8,50 €	110	10	1.870,00 €	85,00 €	1.955,00 €
Expedientes de alteracións alfanumérica diferentes da titularidade (R/U) resoltos sen desprazamento	B1	902-3-4, DICF, RECF.	0,00 €	8,50 €		100	0,00 €	850,00 €	850,00 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U) resoltos sen desprazamento (1,1 media inmovibles)	B2	902-3-4, DICF, RECF.	38,39 €	16,00 €	1.282	1.410	49.215,98 €	22.560,00 €	71.775,98 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U resoltos sen alteración e sen desprazamento)	B2-FIJO	902-3-4, DICF, RECF.	38,39 €	0,00 €	31		1.190,09 €	0,00 €	1.190,09 €
Expedientes de recurso de reposición contra procedementos de valoración colectiva	B3	RECF	32,00 €		50		1.600,00 €		1.600,00 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U resoltos con desprazamento)	C1	DICF, INGF	60,00 €	20,32 €	1.100	505	66.000,00 €	10.261,60 €	76.261,60 €
Tramitación de expedientes catastrais cuxo obxecto sexa a incorporación de construcións deportivas de modalidades 5.1.2 y 5.2.2. Con desprazamento	C2	DICF, INGF	25,00 €		50		1.250,00 €		1.250,00 €
Resolución básica de erros de cruce/solapes	D1			5,00 €		50		250,00 €	250,00 €



Resolución complexa de erros de cruce/solapes	D2		12,00 €	50	600,00 €	600,00 €
Obtención de cartografía continua, con obtención de titularidade.	D3.1		33,15 €	30	994,50 €	994,50 €
Obtención de cartografía continua, sen obtención de titularidade.	D3.2		16,70 €	25	417,50 €	417,50 €
Actuacións de Concentración parcelaria, reparcelacións urbanísticas.	D4		10,00 €	100	1.000,00 €	1.000,00 €
Depuración de rueiros incluíndo relación de inmoables a modificar.	D9.1		0,95 €	500	475,00 €	475,00 €
Depuración de rueiros sen incluír relación de inmoables a modificar.	D9.2		1,70 €	150	255,00 €	255,00 €
Traballos necesarios para a resolución presencial de solicitudes de acceso á información de expedientes catastrais.	E1.1	27,00 €		500	13.500,00 €	13.500,00 €

No apartado primeiro da parte dispositiva onde pon:

PRIMEIRO: Solicitar á Dirección Xeral do Catastro que encargue á Sociedade Mercantil Estatal de Xestión Inmobiliaria do Patrimonio, M.P.S.A (SEGIPSA) a realización dos seguintes traballos catastrais obxecto do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Dirección Xeral do Catastro:

Expedientes xurídicos	Tarifa	Prezo	Inmoables estimados	Prezo total
Inmuble alterado	A1	8,50 €	350	2.975,00 €
Sen alteración	A2	4,50 €	300	1.350,00 €
Subsanacións -expedientes	A3	12,75 €	200	2.550,00 €
Subsanacións - Inmoables	A3	8,50 €	100	850,00 €
Recursos - expedientes	A4	17,00 €	100	1.700,00 €
Recursos - inmoables	A4	8,50 €	30	255,00 €



Expedientes físicos (sen desprazamento)				
Cambios de uso	B1	8,50 €	100	850,00 €
Alteracións físicas -expediente	B2	38,39 €	1300	49.907,00 €
1-2 inmobles	B2	16 €	1200	19.200,00 €
3-10 inmobles	B2	14,77 €	150	2.215,50 €
11-25 inmobles	B2	13,67 €	25	341,75 €
26-50 inmobles	B2	13,16 €	25	329,00 €
Más de 50 inmobles	B2	4,63 €	10	46,30 €
Recursos de reposición	B3	32,00 €	50	1.600,00 €
Expedientes físicos (con desprazamento)				
Alteracións físicas -expediente	C1	60,00 €	1000	60.000,00 €
2-3 inmobles	C1	20,32 €	750	15.240,00 €
4-10 inmobles	C1	19,18 €	50	959,00 €
11-25 inmobles	C1	17,86 €	30	535,80 €
26-50 inmobles	C1	17,24 €	15	258,60 €
Más de 50 inmobles	C1	4,63 €	10	46,30 €
Piscinas	C2	25,00 €	50	1.250,00 €
Traballos específicos				
Errores básicos de cruce/solapes	D1	5,00 €	50	250,00 €
Errores complexos de cruce/solapes	D2	12,00 €	50	600,00 €
Obtención de cartografía continua con alteración	D3.1	33,15 €	30	994,50 €
Obtención de cartografía continua sen alteración	D3.2	16,70 €	25	417,50 €
Comunicacións	D4	10,00 €	100	1.000,00 €
Depuración de callejeros con relación de inmobles	D9.1	0,95 €	500	475,00 €
Depuración de callejeros sen relación de inmobles	D9.2	1,70 €	150	255,00 €
Atención ó público	E1.1	27,00 €	500	13.500,00 €

O custo global máximo estimado que correspondera soportar a esta Deputación –ORAL no actual exercicio, calculado sobre a base das tarifas aprobadas por resolución da Subsecretaría de Facenda de data 03/09/2020 e non suxeitas ao IVE, ascende a un total de 179.951,25 €, segundo o desglose sinalado.

Estes traballos afectarán a bens situados nos Concellos da provincia de Pontevedra que, tendo delegadas as súas facultades de xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles a favor da Deputación Provincial, téñanse adberido igualmente ao mencionado Convenio de colaboración en materia de xestión catastral coa Dirección Xeral do Catastro. No anexo I do mesmo detállanse os municipios incluídos no ámbito do mesmo, que se actualizará segundo contempla a Cláusula décimo quinta.



Debe poñer:

PRIMEIRO: Solicitar á Dirección Xeral do Catastro que encargue á Sociedade Mercantil Estatal de Xestión Inmobiliaria do Patrimonio, M.P.S.A (SEGIPSA) a realización dos seguintes traballos catastrais obxecto do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Dirección Xeral do Catastro:

OBXECTO	Tarifa	Concepto	Prezo exp.	Prezo inm.	Nº exp.	Nº inm.	Total por exped.	Total por inm.	TOTAL
Expedientes de alteracións de titularidade (R/U) resoltos	A1	901 CON CAMBIO	0,00 €	8,50 €	233	350	0,00 €	2.975,00 €	2.975,00 €
Alteracións xurídicas (R/U) resoltas sen alteración	A2	901 SEN CAMBIO	4,50 €	0,00 €	266		1.197,00 €	0,00 €	1.197,00 €
Emendas de discrepancias ou rectificacións que afecten á titularidade (prezo por expediente inclúe o primeiro inmovible)	A3	DICF/COEF	12,75 €	8,50 €	250	25	3.187,50 €	212,50 €	3.400,00 €
Recursos que afecten á titularidade (prezo por expediente inclúe o primeiro inmovible)	A4	RECJ	17,00 €	8,50 €	110	10	1.870,00 €	85,00 €	1.955,00 €
Expedientes de alteracións alfanumérica diferentes da titularidade (R/U) resoltos sen desprazamento	B1	902-3-4, DICF, RECF.	0,00 €	8,50 €		100	0,00 €	850,00 €	850,00 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U) resoltos sen desprazamento (1,1 media inmovibles)	B2	902-3-4, DICF, RECF.	38,39 €	16,00 €	1.282	1.410	49.215,98 €	22.560,00 €	71.775,98 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U) resoltos sen alteración e sen desprazamento)	B2-FIJO	902-3-4, DICF, RECF.	38,39 €	0,00 €	31		1.190,09 €	0,00 €	1.190,09 €



Expedientes de recurso de reposición contra procedimientos de valoración colectiva	B3	RECF	32,00 €		50		1.600,00 €		1.600,00 €
Expedientes de alteracións físicas (R/U resoltos con desprazamento)	C1	DICF, INGF	60,00 €	20,32 €	1.100	505	66.000,00 €	10.261,60 €	76.261,60 €
Tramitación de expedientes catastrais cuxo obxecto sexa a incorporación de construcións deportivas de modalidades 5.1.2 y 5.2.2. Con desprazamento	C2	DICF, INGF	25,00 €		50		1.250,00 €		1.250,00 €
Resolución básica de erros de cruce/solapes	D1			5,00 €		50		250,00 €	250,00 €
Resolución complexa de erros de cruce/solapes	D2			12,00 €		50		600,00 €	600,00 €
Obtención de cartografía continua, con obtención de titularidade.	D3.1			33,15 €		30		994,50 €	994,50 €
Obtención de cartografía continua, sen obtención de titularidade.	D3.2			16,70 €		25		417,50 €	417,50 €
Actuacións de Concentración parcelaria, reparcelacións urbanísticas.	D4			10,00 €		100		1.000,00 €	1.000,00 €
Depuración de rúeiros incluíndo relación de inmoables a modificar.	D9.1			0,95 €		500		475,00 €	475,00 €
Depuración de rúeiros sen incluír relación de inmoables a modificar.	D9.2			1,70 €		150		255,00 €	255,00 €
Traballos necesarios para a resolución presencial de solicitudes de acceso á información de expedientes catastrais.	E1.1		27,00 €		500		13.500,00 €		13.500,00 €



O custo global máximo estimado que correspondera soportar a esta Deputación –ORAL no actual exercicio, calculado sobre a base das tarifas aprobadas por resolución da Subsecretaría de Facenda de data 03/09/2020 e non suxeitas ao IVE, ascende a un total de 179.946,67 €, segundo o desglose sinalado.

Estes traballos afectarán a bens situados nos Concellos da provincia de Pontevedra que, tendo delegadas as súas facultades de xestión tributaria do imposto sobre bens inmobles a favor da Deputación Provincial, téñanse adherido igualmente ao mencionado Convenio de colaboración en materia de xestión catastral coa Dirección Xeral do Catastro. No anexo I do mesmo detállanse os municipios incluídos no ámbito do mesmo, que se actualizará segundo contempla a Cláusula décimo quinta.

No apartado terceiro da parte dispositiva onde pon:

TERCEIRO: O gasto que comportaría o pagamento destes traballos (179.951,25 euros) pódese realizar con cargo á aplicación 22/932.9320.22707 (traballos catastrais).

Debe poñer:

TERCEIRO: O gasto que comportaría o pagamento destes traballos (179.946,67 euros) pódese realizar con cargo á aplicación 22/932.9320.22707 (traballos catastrais).

45.31640.- APROBACIÓN DO PROXECTO “DEPOFOREST. XESTIÓN INTEGRAL E APROVEITAMENTO DE PIÑEIRAIS”, CONVOCATORIA 2021 DA FUNDACIÓN BIODIVERSIDADE PARA A CREACIÓN DE EMPREGO A TRAVÉS DE PROXECTOS DE FORMACIÓN, ASESORAMENTO E INNOVACIÓN SOCIAL DIRIXIDOS A PERSOAS DESEMPREGADAS NO EXERCICIO 2021, NO MARCO DO PROGRAMA EMPLEAVERDE COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (FSE). (Expte.2021047572)

Con data 04/04/2022 tivo entrada na Deputación de Pontevedra, con número de Rexistro 2022008444, a Resolución da convocatoria 2021 da Fundación Biodiversidade (FB) para a creación de emprego a través de proxectos de formación, asesoramento e innovación social dirixidos a persoas desempregadas no exercicio 2021, no marco do programa Empleaverde cofinanciado polo Fondo Social Europeo (FSE). Esta Resolución establece que o Comité de Avaliación decidiu aprobar o proxecto liderado pola Deputación de Pontevedra baixo a denominación “Depoforest.- Xestión integral e aproveitamento de piñeirais” , coas seguintes características:

Obxectivos

O proxecto Depoforest busca introducir, a través da formación, os coñecementos necesarios para realizar a xestión forestal non só para obter o maior beneficio e conseguir madeira de calidade senón tamén para introducir outras actividades económicas que poden ser fontes de ingresos complementarios.



Desta maneira o proxecto pretende facer fronte ao reto demográfico e ao despoboamento territorial, crear emprego verde no medio rural contribuíndo á protección integral do monte dentro dunha estratexia forestal diversa e sostible.

Persoas destinatarias do proxecto:

Persoas desempregadas debidamente inscritas como demandantes de emprego no servizo público correspondente mellorando así a cualificación e aumentando a empregabilidade e as posibilidades de contratación das mesmas.

Accións a realizar:

Executaranse en total 7 cursos de formación presencial, dos cales 5 levaranse a cabo en Galicia e 2 en Castela e León, con total de 60h por curso.

Duración do proxecto: 9 meses

Datos económicos:

As condicións económicas da aprobación do proxecto son as seguintes:

Orzamento	Axuda FSE	Axuda FB
102.466,52 €	72.751,23 €	19.468,64 €

Os custos estimados para o proxecto corresponderanse ao cadro seguinte, sen prexuízo de posibles futuras necesidades de crédito.

Segundo a subvención concedida, a desagregación é a seguinte:

FSE (71 %)	FB (19 %)	Deputación (10 %)	Orzamento total
72.751,23 €	19.468,64 €	10.246,65 €	102.466,52 €

Orzamento por partidas				
	Costes de persoal	Subcontratación	Costes xerais	Total
Importe	45.466,46 €	50.180,10 €	6.819,96 €	102.466,52 €
Porcentaxe	44,37 %	48,97 %	6,66 %	100 %

Para o inicio do proxecto é necesario realizar a aprobación do mesmo, realizando as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo Comité de Avaliación da Fundación Biodiversidade para o programa Empleaverde 2021.

Con data 18 de abril de 2022, o Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra emitiu informe favorable a esta aprobación.



Lexislación aplicable:

Convocatoria de subvencións pola Fundación Biodiversidade F.S.P en réxime de concorrencia competitiva, para a creación de emprego a través de proxectos de formación, asesoramento e innovación social dirixidos a persoas desempregadas no exercicio 2021, no marco do Programa Empleaverde cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

Por todo o exposto anteriormente, en base aos antecedentes e normativa aplicable, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto denominado “*Depoforest.- Xestión integral e aproveitamento de piñeirais*”, da convocatoria 2021 da Fundación Biodiversidade no marco do programa Empleaverde.
- Aprobar a distribución de gasto cos importes que correspondan a esta Deputación provincial dentro do total do proxecto.
- Aprobar que a súa xestión se realice a través do módulo “proxecto de gastos” tal e como establece a base 27 de execución do orzamento provincial.

46.31641.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEIS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 9401 TRAVESÍA MEIS SAN SALVADOR - ENLACE AUTOVÍA (AG-41), DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+320 (MEIS)”. (Expte. 2022008818)

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Intervencións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

1. A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP 9401 Travesía Meis – San Salvador Enlace Autovía (AG-41) que descorre polo Concello de Meis e que ten unha lonxitude de 320 metros.

Coa pretensión dunha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé nos colectivos máis vulnerables a fin de mellorar as condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, a Deputación elaborouse o proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na EP 9401 Travesía Meis – San Salvador - enlace Autovía (AG-41), do P.Q.0+000 ao P.Q. 0+320 (Meis)*”.



O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Meis, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 EP 9401 Travesía Meis – San Salvador - enlace Autovía. Trátase de mellorar as condicións de seguridade e mobilidade construíndo unha senda peonil. Ademais mellorárase a drenaxe lonxitudinal, instalaranse canalizacións e arquetas para o soterramento das redes de baixa tensión e telecomunicacións e executarase dunha nova rede subterránea de alumeadado público, ensancharase a calzada e construíranse pasos de peóns sobreelevados e renovarase a sinalización.

3. O orzamento base de licitación das obras proxectadas, con IVE, é de 242.454,16 €

A Deputación financiará 193.963,33 € (80 %) con cargo a aplicación 22 /456 4530 612.02.

A achega do Concello de Meis é de 48.490,83 € (20%), financiarase con cargo a subvención do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao *Concello de Meis*.

4. A alcaldesa do Concello de Meis, por Decreto de 3 de marzo de 2022, aprobou o convenio obxecto desta proposta.

Os Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais en data 9-03-2022 emitiron informe xustificativo das porcentaxes de financiamento e do grao de prioridade das obras.

Consideracións:

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Bases de execución do orzamento provincial

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o Tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.



No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do *Tribunal de Cuentas* recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento:

A distribución do financiamento conforme á cláusula terceira é a seguinte:

	Achega	%
Deputación de Pontevedra	193.963,33 €	80
Concello de Meis	48.490,83 €	20
TOTAL INVESTIMENTO	242.454,16 €	100



A Deputación financiará 193.963,33 € (80 %) con cargo a aplicación 22 /456 4530 612.02.

A achega do Concello de Meis financiarase con cargo a subvención do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, xerándose crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Meis.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Supervisión do proxecto. Autorizacións sectoriais.

Conforme ao disposto no artigo 235 da Lei 9/2017 de contratos do sector público a supervisión do proxecto nos supostos nos que o orzamento base de licitación é inferior a 500.000 euros, IVA excluído, ten carácter facultativo. En calquera caso, aínda que tanto a supervisión do proxecto como as autorizacións sectoriais non son esixibles para a aprobación do convenio, emitido informe de supervisión favorable en data 23-02-2022 incorporouse ao expediente. Así mesmo recibíronse as autorizacións da Dirección Xeral de Patrimonio e Cultura (20/10/2021) e da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia (09/12/2021).

6ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio subscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.



Por todo o exposto, sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Meis* co seguinte contido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEIS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 9401 TRAVESÍA MEIS – SAN SALVADOR - ENLACE AUTOVÍA (AG-41), DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+320 (MEIS)”.

REUNIDAS

A Sra. María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

A Sra. Marta Giráldez Barral, alcaldesa do Concello de Meis, actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O Sr. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, cumprindo co deber de asistencia conforme ao que dispón o artigo o artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que as vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.



III.- *Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.*

IV.- *Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.*

V.- *Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 9401 Travesía Meis - San Salvador - Enlace Autovía (Ag41), que transcorre polo Concello de Meis e que ten unha lonxitude de 320 m.*

Actualmente da estrada presenta problemas de seguridade viaria debido á falta de sendas e beiravías para a circulación peonil e dos colectivos máis vulnerables, carecendo ademais en gran parte do percorrido de sobreelevados e espazos para o tránsito peonil que prexudican as condicións de mobilidade dos peóns. Cabe salientar ademais que no ámbito da obra atópanse numerosas vivendas e servizos ao longo da estrada polo que se estima unha intensidade de circulación de peóns significativa. Por este motivo, a Deputación de Pontevedra decide redactar o proxecto de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 9401 TRAVESÍA MEIS - SAN SALVADOR – ENLACE AUTOVÍA (AG-41), DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+320 (MEIS)”.

VI.- *Que a actuación consiste nunha mellora da mobilidade urbana na estrada, executando unha senda de 2,5 metros de ancho mínimo de formigón coloreado na marxe esquerda e nos puntos inicial e final da marxe dereita. A Actuación contempla tamén a mellora da drenaxe lonxitudinal, a instalación das canalizacións e arquetas para o soterramento das redes de baixa tensión e telecomunicacións, e a execución dunha nova rede subterránea de alumeadado público. Dado que o ancho da calzada actual é insuficiente, levarase a cabo o ensanche da mesma coa execución do paquete de firme completo de aglomerado naquelas zonas onde sexa necesario. Por último, executaranse pasos de peóns sobreelevados e renovarase a sinalización horizontal e vertical en todo o treito.*

Co fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Meis para a execución do proxecto de “MELLORA DA

MOBILIDADE PEONIL NA EP 9401 TRAVESÍA MEIS - SAN SALVADOR – ENLACE AUTOVÍA (AG41), DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+320 (MEIS)”.



Segunda.- Importe do convenio.

O importe ó que se refire a presente actuación ascende a douscentos mil trescentos setenta e cinco euros con trinta e catro céntimos (200.375,34 €), máis corenta e dous mil setenta e oito euros con oitenta e dous céntimos (42.078,82€) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de douscentos corenta e dous mil catrocentos cincuenta e catro euros con dezaseis céntimos (242.454,16 €).

Terceira.- Financiamento.

Os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Meis mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	<i>Achega</i>	<i>%</i>
<i>Deputación de Pontevedra</i>	<i>193.963,33 €</i>	<i>80</i>
<i>Concello de Meis</i>	<i>48.490,83 €</i>	<i>20</i>
TOTAL INVESTIMENTO	242.454,16 €	100

A Deputación financiará 193.963,33 € (80 %) con cargo a aplicación 22 /456 4530 612.02.

A achega do Concello de Meis será de 48.490,83 € (20%), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, financiarase con cargo a subvención do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, xerándose crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Meis.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.



Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Meis obrígase a:

- 1) *Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) *Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.*
- 3) *Levar a cabo a conservación e mantemento de todos os servizos urbanos executados ou modificados polas actuacións obxecto deste convenio (ítinerarios peonís, mobiliario urbano, iluminación, etc), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 4) *Achegar á Deputación de Pontevedra, antes da sinatura do presente convenio, o acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do réxime local, de aprobación do convenio concretando o xeito de financiamento da achega municipal e os compromisos á que fan referencia os apartados 2 e 3 anteriores.*
- 5) *Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

Correspóndelle á Deputación de Pontevedra:

- 1) *Redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto deste convenio.*
- 2) *Dirixir, executar e recibir as obras.*
- 3) *Comunicarlle ao Concello a recepción das obras.*

A comunicación da Deputación ao Concello de Meis da formalización do acto de recepción das obras determina o nacemento das obrigas de conservación e mantemento dos servizos urbanos asumidas polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.

- 4) *Remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da LRXSP e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas

O Concello de Meis faculta expresamente á Deputación para reter e compensar o importe da súa contribución ao financiamento das obras con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder por toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.



As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- *Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- *En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Novena.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2023.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes.

Décima.- Extinción.

O convenio extinguirase por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio por calquera das partes de conformidade co disposto no artigo 51 da LRXSP e as demais previstas no dito artigo.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- *Lei bases de réxime local, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*
- *Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia*
- *Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*
- *Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2020*
- *E demais normativa de obrigado cumprimento.*

A falta de acordo da comisión citada na cláusula oitava na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa,

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra,
María del Carmen Silva Rego*

*Polo Concello de Meis,
Marta Giráldez Barral*

*O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,
Carlos Cuadrado Romay*



Segundo.- Facultar á presidenta para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

47.31642.- DECLARAR RESOLTO O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE O PORRIÑO PARA A COORDINACIÓN, COFINANCIAMENTO E DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA. (Expte.20219043835)

1º O 22 de maio de 2013 foi asinado un convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e diversos concellos de menos de 20.000 habitantes, entre os que se atopa o Concello de O Porriño, para a prestación do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria.

Por Acordo da Xunta de Goberno número 6.30912 de 29 de outubro de 2021, aprobouse a “*Addenda nº 2*” a ditos convenios, pola que se modificaban con efectos 02 de decembro de 2021 as cláusulas relativas ao prezo do servizo e o seu financiamento así a prórroga dos mesmos por un período de catro anos.

2º A partir do 1 de xaneiro de 2022 o concello de O Porriño supera os 20.000 habitantes polo que non procede a financiación dos seus servizos sociais comunitarios municipais, obxecto prioritario de financiamento por esta Institución, se ben contaban nese intre con 56 persoas usuarias do Servizo de Teleasistencia domiciliaria.

3º Con data 16 de decembro de 2021 e número de rexistro WEB2021048752 o Concello do Porriño presenta escrito solicitando o mantemento do Convenio en vigor por un mínimo de tres meses, para permitir que os seus Servizos Sociais Comunitarios Municipais xestionen a migración dos expedientes das persoas usuarias en activo.

4º Por Resolución Presidencial número 2022000425 de 24 de xaneiro de 2022, resólvese continuar de xeito transitorio e por un período improrrogable de tres meses co cofinanciamento e desenvolvemento do programa de Teleasistencia domiciliaria, procedendo a resolución do Convenio transcorrido dito prazo.



5º Con efectos de 24 de abril de 2022 remata o período transitorio concedido ao concello de O Porriño para a prestación do servizo de teleasistencia, polo que procede resolver o Convenio e proceder á baixa das persoas usuarias activas nesta data, como mesmo adiantaba a Resolución Presidencial citada.

Consideracións xurídicas:

Primeira. A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 63, establece que as deputacións lles proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios municipais.

Segunda. O Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, no seu artigo 31 establece como competencia das Deputacións a asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos e agrupacións de concellos, especialmente aos de menos de 20.000 habitantes, na implantación e xestión dos servizos sociais comunitarios municipais.

Terceira. É labor da Deputación de Pontevedra apoiar as corporacións locais da provincia que presten servizos sociais comunitarios municipais, en virtude das competencias atribuídas no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que establece a competencia propia das deputacións provinciais para a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, polo artigo 109.1.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG); o artigo 63 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG); e o artigo 31 do citado Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro.

De acordo co exposto, e ao amparo do establecido no Convenio formalizado co concello, e de conformidade co disposto nos artigos 51.e e 52 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Declarar resolto o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de o Porriño con efectos de 24 de abril de 2022 para a prestación, coordinación e financiamento do servizo de Teleasistencia domiciliaria

2º.- Proceder á baixa das persoas usuarias do servizo con efectos da data indicada.

3º.- Outorgar a publicidade oportuna no Portal de Transparencia desta Deputación, e darlle traslado do presente acordo ao Concello interesado.



48.31643.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

49.31644.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as catorce horas e seis minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario (p.s.) que dou fe.

